



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 11 DE OUTUBRO DO 2018.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Anxo Orellan Fernández D. Víctor Reiriz Lampón D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor.: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario actal.: D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día once de outubro do dous mil dezaioito, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 13 de setembro de 2018, 20 de setembro de 2018 e 27 de setembro de 2018.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	09/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade M ^a Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración e instalación de 2 estores enrollables na oficina do CIM		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL FERNANDO SILVALDE MARTÍNEZ
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MANUEL FERNANDO SILVALDE MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	33236298X		
Importe (IVE Incluído):	325,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	2	Data	03/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de maletín con 6 balizas sincronizadas para colocación en calzada, para a Policía Local		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO PUGA, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO PUGA, S.L.		
NIF/CIF:	B15134182		
Importe (IVE Incluído):	219,31 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	3	Data	09/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^a Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 3 centros de flores co motivo da celebración da Festa dos Remedios en Deán, o día 14/10/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PLANTAS Y FLORES MARILÓ, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PLANTAS Y FLORES MARILÓ, S.L.		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

NIF/CIF:	B15597602
Importe (IVE Incluído):	140,00 €
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.

Nº Proposta	4	Data	09/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^a Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Disparo de 4 ducias de bombas co motivo da celebración da Festa dos Remedios en Deán, o día 14/10/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adjudicación.			
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.		
NIF/CIF:	B15367592		
Importe (IVE Incluído):	278,30 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	5	Data	09/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^a Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación grupo de gaitas “Andavía” co motivo da celebración da Festa dos Remedios en Deán, o día 14/10/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN CULTURAL ANDAVÍA
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adjudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN CULTURAL ANDAVÍA		
NIF/CIF:	G70551262		
Importe (IVE exento):	300,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	6	Data	09/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de plantas e flores para reposición en zonas axardinadas municipais (Amarella, Porta do Sol, Padín, Laxes e Salmón)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.	
NIF/CIF:	B15847460	
Importe (IVE Incluído):	575,31 €	
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.	

Nº Proposta	7		Data	08/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade (CIM) Mª Esther Patiño Rey			
DESCRIPCIÓN DO GASTO	Subministración de pinces e pinturas para elaboración do mural gañador do concurso convocado pola plataforma “Mulleres en Acción”			
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JOSÉ ENRIQUE PÉREZ SANTOS	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	JOSÉ ENRIQUE PÉREZ SANTOS			
NIF/CIF:	76965504Y			
Importe (IVE Incluído):	87,30 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta	8		Data	08/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey			
DESCRIPCIÓN DO GASTO	Deseño e maquetación da revista “Palmeira”, elaborada polos participantes no programa de dinamización social			
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DOSTEX, S.L.			
NIF/CIF:	B15944002			
Importe (IVE Incluído):	344,85 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta	9		Data	08/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Reposición de motor na máquina deshumectadora da Fieiteira	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HEBER INELCA, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HEBER INELCA, S.L.		
NIF/CIF:	B70474754		
Importe (IVE Incluído):	937,75 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	10	Data	05/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación – Museo Municipal Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración dunha caixa de ferramentas para o Museo Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PORTOFERR, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PORTOFERR, S.L.		
NIF/CIF:	B15775299		
Importe (IVE Incluído):	196,11 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	11	Data	05/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación – Museo Municipal Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración colgadores (cables e ganchos) para o Museo Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CONCEPCIÓN ARIAS ÁLVAREZ
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CONCEPCIÓN ARIAS ÁLVAREZ		
NIF/CIF:	11386005Q		
Importe (IVE Incluído):	640,33 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	12	Data	04/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cemiterios e Turismo		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		Antonio Javier Jesús Freire Brión	
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais e utensilios para mantemento cemiterios	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - ALONVAZ, S.L.U + ALMACENES JUAN PEGO, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70474747		
Importe (IVE Incluído):	3.094,61 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.		

Nº Proposta	13	Data	08/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación do trio musical “Arena” co motivo da celebración do Día Internacional das Persoas Maiores, o 12/10/2018, no Liceo Marítimo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TRIO ARENA, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TRIO ARENA, S.L.		
NIF/CIF:	B94167202		
Importe (IVE Incluído):	250,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.		

Nº Proposta	14	Data	05/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de autobús Muros-Riveira-Muros por actuación do Orfeón Ría de Muros en Oleiros, na conmemoración da Virxe de Fátima o 13/10/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15020308		
Importe (IVE Incluído):	297,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

	conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.
--	---

Nº Proposta	15	Data	01/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal - Educación Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Instalación de varios sistemas antipánico e arreglo de porta no colexio O Grupo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE		
NIF/CIF:	76777719Q		
Importe (IVE Incluído):	1.125,30 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	16	Data	10/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 200 chalecos reflectantes para entrega a asistentes en charlas sobre educación vial		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE Incluído):	440,44 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	17	Data	09/10/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^ª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de animación infantil (5 persoas) en acompañamento de Cabalgata de Reis Magos, o 05/01/2019, de 17:30 h a 20:30 h. (Inclúe transporte, montaxe/desmontaxe, seguro RC e piruletas para repartir entre o público)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARÍA CONCEPCIÓN CELA REGUEIRO
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (10/10/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARÍA CONCEPCIÓN CELA REGUEIRO		
NIF/CIF:	33217806X		
Importe	1.573,00 €		





(IVE Incluído):	
Observacións:	<p align="center">Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2019</p> <p>A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.</p>

BONIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE DE INVERNO A MENORES EN RISCO DE INCLUSIÓN SOCIAL.

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 09/10/2018, na que solicita a bonificación das actividades de ocio e tempo libre de menores en risco de exclusión social, segundo informe da Xefa de Servizo dos Servizos Sociais Comunitarios, M^a Francisca Vidal Regueira, de data 09/10/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar a bonificación** das actividades de ocio e tempo libre de menores en risco de exclusión social, segundo o sinalado no citado informe:

Inscripción online nas Escolas Deportivas Municipais de inverno (01/10/2018) dos/as seguintes menores en risco de exclusión social:

NOME E APELIDOS (Iniciais)	ACTIVIDADE	IMPORTE
A.O.C.	Taekwondo (martes e xoves 19h)	58,10€/ano
D.T.L.	Taekwondo (martes e xoves 17h)	58,10€/ano
N.T.L.	Taekwondo (martes e xoves 19h)	58,10€/ano
A.C.P.	Taekwondo (martes e xoves 17h)	58,10€/ano
A.P.B.	Ximnasia Acrobática (mércores e sábado)	58,10€/ano
S. A.A.	Taekwondo (martes e xoves 19h)	58,10€/ano
G.A.A.	Taekwondo (martes e xoves 19h)	58,10€/ano
TOTAL		406,70€

Inscripción nas **actividades da Fieiteira** dos/as seguintes menores en risco de exclusión social:

NOME E APELIDOS (Iniciais)	ACTIVIDADE	IMPORTE
S.A.C.	Clases de Natación (Lu, Me, Ve 19.30h)	20,30€/mes
TOTAL		9 meses = 182,70€





APROBACIÓN DA REANUDACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO INFANTIL.

Vista a **proposta da Concelleira Delegada de Cultura, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 05/10/2018, na que solicita a reanudación da Escola Municipal de Teatro Infantil e a autorización para proceder á inscrición e matrícula dos participantes, co obxectivo de formar o novo Grupo Municipal Infantil de Teatro para que así teña representación na “Mostra de Teatro Infantil”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a reanudación da Escola Municipal de Teatro Infantil
- **Autorizar** a inscrición e matrícula dos participantes

APROBACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN

1.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN A CREBA.

Vista a **proposta** presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 11/09/2018, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba**” para contribuír ao “Programa de transporte de usuarios”, comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “Asociación A Creba” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba**”, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “Asociación A Creba” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48021.

2.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN AMBAR.

Vista a **proposta** presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 11/09/2018, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar**” para contribuír ao programa “Vivindo na Comunidade”, comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “Asociación Ambar” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48019.

Vista a documentación que consta no expediente.





A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar**”, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “**Asociación Ambar**” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48019.

3.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN AMICOS.

Vista a **proposta** presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 11/09/2018, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos**” para contribuír ao programa “**Servizo de atención psicopedagóxica**”, comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “**Asociación Amicos**” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos**”, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “**Asociación Amicos**” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48020.

4.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A FUNDACIÓN FAIBEN.

Vista a **proposta** presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 11/09/2018, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Faiben**” para contribuír ao programa “**Proxecto Contigo**”, comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “**Fundación Faiben**” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Faiben**”, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á “**Fundación Faiben**” a cantidade de 3.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48022.





5.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.

Vista a **proposta** presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 11/09/2018, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Amigos de Galicia”** para contribuír ao proxecto de **“Loita contra a pobreza”**, comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á **“Amigos de Galicia”** a cantidade de 6.600,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48016.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **“Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Amigos de Galicia”**, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á **“Amigos de Galicia”** a cantidade de 6.600,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48016.

6.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES E O CONCELLO DE RIVEIRA

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura, Herminia Pouso Maneiro**, de data 05/10/2018, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Museo Etnográfico de Artes”**, co obxectivo de promoción e difusión cultural de todo o patrimonio artístico-cultural con que conta o noso municipio.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **“Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Museo Etnográfico de Artes”**.

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/10/2018 **“Decreto: Adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Mellora de accesibilidade desde Porto Alto ata o Faro de Corrubedo (Marxe dereita)””**





2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/10/2018 **“Decreto: Adjudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Renovación de beirarrúas nun tramo da Avda Ramiro Carregal. Polígono Industrial de Xarás””**

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/10/2018 **“Decreto: Adjudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Reforzo do firme da estrada de Gándara (Oleiros)””**

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/10/2018 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adjudicación do contrato da “Dotación de mobles compactos para o 2º piso do Arquivo Histórico Municipal””**

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – DANIEL DAVILA MARTÍNEZ.

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 08/10/2018 (Rexistro de entrada nº 14.559), no que solicita autorización para a instalación dun posto (2x1 m.) de venda ambulante de rosquillas e larpeiradas, o sábado 13/10/2018, no exterior Polideportivo da Fieiteira, co motivo da celebración dun campionato de Taekondo.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto (2x1 m.) de venda ambulante de rosquillas e larpeiradas, o sábado 13/10/2018, no exterior Polideportivo da Fieiteira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – ÁNGELES MOTA GARCÍA.

Visto o escrito presentado por **Ángeles Mota García**, de data 01/10/2018 (Rexistro de entrada nº 14.079), no que solicita autorización para a instalación dun



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





posto (2x2 m.) de venda ambulante de churros, o sábado 13/10/2018, no exterior Polideportivo da Fieiteira, co motivo da celebración dun campionato de Taekondo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Ángeles Mota García** para a instalación dun posto de venda ambulante (2x2 m.) de venda ambulante de churros, o sábado 13/10/2018, no exterior Polideportivo da Fieiteira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – JOSÉ FRANCISCO AGRELO LEMA.

Visto o escrito presentado por **José Francisco Agrelo Lema**, de data 08/10/2018 (Rexistro de entrada nº 14.511), no que solicita autorización para a instalación dunha cantina, os días 13 e 14/10/2018, no exterior do Polideportivo da Fieiteira, co motivo da celebración dun campionato de Taekondo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **José Francisco Agrelo Lema** para a instalación dunha cantina, os días 13 e 14/10/2018, no exterior do Polideportivo da Fieiteira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados pola entidade **Stolt Sea Farm, S.A.**, de datas 15/05/2018, 03/07/2018 e 14/09/2018 (Rexistros de entrada nº 7.137, 10.110 e 13.239), nos que solicita licenza de obras para mellora de estrutura, cuberta, instalacións básicas e paramentos en piscifactoría existente, sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 001900400NH01C.





A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 18/09/2018, vista a Resolución favorable emitida pola Demarcación de Costas de Galicia asinado polo xede da demarcación Sr. Rafael Eimil Apenela na data 14 de setembro de 2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/10/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade STOLT SEA FARM S.A. **LICENZA DE OBRAS (Nº 44/18)** para **MELLORA DE ESTRUTURA, CUBERTA, INSTALACIÓNS BÁSICAS E PARAMENTOS EN PISCIFACTORÍA EXISTENTE**, sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 001900400NH01C, nos termos do Proxecto visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de data 3 de maio de 2018 redactado por Sr. Manuel Ángel Liñares Túñez, (enxeñeiro industrial col. nº 1.315) así como Resolución favorable emitida pola Demarcación de Costas de Galicia asinado polo xede da demarcación Sr. Rafael Eimil Apenela na data 14 de setembro de 2018:

- *Deberá adecuarse integramente ao disposto na mencionada Resolución favorable emitida pola Demarcación de Costas de Galicia asinado polo xefe da demarcación Sr. Rafael Eimil Apenela na data 14 de setembro de 2018.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.***

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*





- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do





Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado por **Javier Castro Munín**, de data 02/04/2018 (Registro de entrada nº 4.728), no que achega Proxecto de Execución visado polo





Colexio Oficial de Arquitectos na data 2 de xaneiro de 2018, Oficio de Dirección de Obra sen visado colexial, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 14 de marzo de 2018, Certificado de instalación de grúa torre visado polo C.O.E.T.I. de data 27 de marzo de 2018, para engadir a expediente de licenza de obras nº 59/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 25/04/2018, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/09/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 59/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de novembro de 2017 ao Sr. Javier Castro Munín, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 2 de xaneiro de 2018 redactado polo Sr. Alberto Pérez Saborido, (arquitecto col. nº 4.773), Oficio de Dirección de Obra sen visado colexial, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 14 de marzo de 2018 así como Certificado de instalación de grúa torre visado polo C.O.E.T.I. de data 27 de marzo de 2018:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra co preceptivo visado colexial.***

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA - DOLORES FOLGAR BRIÓN.

FINALIDADE DA LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA: Consolidación de estrutura de planta baixa e renovación de cuberta de vivenda unifamiliar

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

REFª CATASTRAL: 15074A019013020000KX.

SITUACIÓN: Lugar da Ameixida nº 42, Castiñeiras, Riveira.

PROMOTOR/A: Sra. Dolores Folgar Brión (D.N.I. 35.391.817-5).

AUTOR/A PROXECTO: Sra. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. nº 2.498).

PROXECTO: Proxecto de Legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 26 de xaneiro de 2018 / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18 de xuño de 2018.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL VALORACIÓN SEGUNDO INFORME ARQUITECTO MUNICIPAL: 88.700,76 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO





PRIMEIRO.- Pola Sra. Dolores Folgar Brión, (D.N.I. 35.391.817-S), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada nas datas 5 de febreiro, 13 de abril, 18 de xuño e 11 de setembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 1.563, 5.576, 9.243, 13.122), licenza de legalización obras para consolidación de estrutura de planta baixa e renovación de cuberta de vivenda unifamiliar, sita no lugar da Ameixida nº 42, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A019013020000KX achegándose Proxecto de Legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 26 de xaneiro de 2018, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18 de xuño de 2018 redactado por Sra. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. nº 2.498).

SEGUNDO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital de data 12 de setembro de 2018 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal.

TERCEIRO.- En relación ao orzamento de execución material contenida no proxecto, o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico na data 27 de setembro de 2017 en relación á valoración do orzamento da edificación obxecto do expediente no que recolle un orzamento de execución material de 88.700,76 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto de Legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 26 de xaneiro de 2018, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18 de xuño de 2018 redactado por Sra. M^a Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. nº 2.498).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación





urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 12 de setembro de 2018, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/09/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Dolores Folgar Brión **LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS (Nº 45/18)** para **CONSOLIDACIÓN DE ESTRUCTURA DE PLANTA BAIXA E RENOVACIÓN DE CUBERTA EN VIVIENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, sita no lugar da Ameixida nº 42, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A019013020000KX, nos termos do Proxecto de Legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 26 de xaneiro de 2018, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18 de xuño de 2018 redactado por Sra. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. nº 2.498).

SEGUNDO.- A licenza concedida:





- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación*

4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014, S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de edificio de soto, planta baixa, catro (4) plantas altas, baixocuberta, garaxes, rochos e local para uso administrativo.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0416516NH0101N0000OD.

SITUACIÓN: Rúa Mariño de Rivera – Rúa Barbanza, Riveira.

PROMOTOR/A: CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916).

PROXECTO: Proxecto Básico de 10 de outubro de 2018.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 845.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 9 de agosto de 2018 acordou por unanimidade:

“

(...)

CONCEDER á entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. a **A MODIFICACIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA Nº 2/18** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 22 de febreiro de 2018, que afecta á parcela con refª catstral nº 0416516NH0101N0000OD sita na Rúa Mariño de Rivera – Rúa Barbanza, Riveira, nos termos do Estudo Técnico para Modificación da Licenza de Segregación de Parcelas nº 2/18 concedida pola Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2018, con sinatura dixital de data 28 de xuño de 2018 redactado polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), resultando da modificación igualmente dous parcelas de modo que:





- **PARCELA MATRIZ:** Parcela libre de edificación, con refª catastral nº 0416516NH0101N0000OD, inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia; Datos rexistrados: Folio 192 do tomo 1282 do arquivo, libro 358 de Riveira, Finca 31.392, 2ª inscrición, que de acordo coas escrituras de propiedade conta cunha superficie de 1.049,30 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.050,00 m² que linda: Norte Rúa Mariño de Ribera; Sur Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.; Leste Rúa Barbanza; Oeste Propiedade de "Laxe de Riveira, S.L." e "Promocor Inversiones, S.L."
- **PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**
- **PARCELA A** de 498,00 m² que linda: Norte Rúa Mariño de Ribera; Sur parcela B resultante da segregación; Leste Rúa Barbanza; Oeste Rúa de nova apertura segundo o PXOM (terreo de cesión).
- **PARCELA B** de 228,40 m² que linda: Norte parcela A resultante da segregación; Sur Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.; Leste Rúa Barbanza; Oeste Rúa de nova apertura segundo o PXOM (terreo de cesión).
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto e a enxeñeira municipal comprende unha superficie total de cesión de 323,60 m², de acordo coa documentación gráfica e escrita aportada do seguinte xeito;
- En relación á **PARCELA RESULTANTE A** pola Rúa Mariño de Ribera obtemos unha cesión para viario de 2,40 m²; pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 53,47 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 166,73 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE A** é de 222,60 m²).
- En relación á **PARCELA RESULTANTE B** pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 24,53 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 76,47 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE B** é de 101,00 m²).

SEGUNDO.- En relación á mencionada licenza de segregación a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 2 de marzo de 2018 emite informe en relación á superficie de cesión a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, contemplando unha fianza para responder polos servizos urbanísticos a completar pola futuras construcións da **PARCELA RESULTANTE A** de 7.686,10 € e da **PARCELA RESULTANTE B** de 4.533,85 €.

TERCEIRO.- Polo Sr. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), actuando en nome e representación da entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 10 de outubro de 2018, (Rexistro de entrada nº 14.722), licenza de obras para construción de edificio de soto, planta baixa, catro (4) plantas altas, baixocuberta, garaxes, rochos e local para uso administrativo, na Rúa Mariño de Rivera – Rúa Barbanza, Riveira en parcela con refª catastral nº 0416516NH0101N0000OD achegándose Proxecto Básico de 10 de outubro de 2018 redactado por Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916).



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





CUARTO.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital de data 11 de outubro de 2018 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA** “comprendendo esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sótanos a aparcamento.”

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiren a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vias fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exigencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.





e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de 10 de outubro de 2018 redactado por Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916). Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.





g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

COSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- En relación ao ancho de vial de nova apertura sito ao norte da parcela que a súa vez linda ao norte con solo clasificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira como urbanizable, e polo momento aínda sen desenvolver, consta no expediente informe técnico emitido pola arquitecta Sra. Ana Debén Rodríguez como integrante do equipo redactor do citato Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira de data 21 de agosto de 2018, no que informa que realizada unha medición sobre o Plano nº 3.9 de outubro de 2002 do PXOM de Riveira, sobre o vial de nova apertura, o ancho do mesmo dende a aliñación ata o eixo da liña de delimitación de núcleo urbano (solo urbano consolidado) é de 10 metros.

A maior abundamento cómpre mencionar o artigo 74.1 c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia que establece que o novo viario axustarase ás seguintes condicións dimensionais; nos sectores e ámbitos de uso residencial ou hoteleiro, o largo mínimo da vía será de 10 metros.

SEGUNDA.- En relación á superficie de cesión a uso e dominio público, tómase os parámetros establecidos no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 9 de agosto de 2018 pola que se **CONCEDE** á entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. **A**





MODIFICACIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA Nº 2/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 22 de febreiro de 2018 do seguinte modo:

- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto e a enxeñeira municipal comprende unha superficie total de cesión de 323,60 m², de acordo coa documentación gráfica e escrita aportada do seguinte xeito;
- En relación á **PARCELA RESULTANTE A** pola Rúa Mariño de Ribera obtemos unha cesión para viario de 2,40 m²; pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 53,47 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 166,73 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE A** é de 222,60 m²).
- En relación á **PARCELA RESULTANTE B** pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 24,53 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 76,47 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE B** é de 101,00 m²).

Faise constar que a parcela na que se asenta o edificio proxectado no expediente que nos ocupa, é a **PARCELA RESULTANTE A** aos efectos oportunos.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital de data 11 de outubro de 2018, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 2 de marzo de 2018 valorando a fianza a á **PARCELA RESULTANTE A** de 7.686,10 €, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. **LICENZA DE OBRAS (Nº 43/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE SOTO, PLANTA BAIXA, (4) CATRO PLANTAS ALTAS, BAIXOCUBERTA, GARAXES, ROCHOS E LOCAL PARA USO ADMINISTRATIVO** na Rúa Mariño de Rivera – Rúa Barbanza, Riveira en parcela con refª catastral nº 0416516NH0101N00000D nos termos do Proxecto Básico de 10 de outubro de 2018 redactado por Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente, da superficie de cesión sinalada para a **PARCELA RESULTANTE A** do acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 9 de agosto de 2018 pola que se acorda a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA Nº 2/18**. Aos efectos de garantir esta obriga, deberá de imporse segundo informe da Enxeñeira Municipal un **AVAL bancario polo importe de 7.686,10 €**.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Instalación de Telecomunicacións**.





- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Manuel Vidal Oujo**, de data 07/09/2018 (Rexistro de entrada nº 12.946), no que solicita certificación de parcelas de natureza rústica.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/09/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastrais:	15074A938002620000UA,	15074A938002630000UB,
	15074A938009870000UE,	15074A938009890000UZ,
	15074A938009990000UG,	15074A938009910000US,
	15074A938010000000UE,	15074A938010580000UX,
	15074A938008020000UW,	15074A938011350000UA,
	15074A938011350000UA,	15074A938011030000UA,
	15074A938009500000UR,	15074A938009510000UD,
	15074A938009510000UD,	15074A938009520000UX.

Comprobada a normativa aplicable se informa:

- As parcelas se sitúan en solo rústico

2.- Visto o escrito presentado por **María Isabel Pérez Montemuiño**, de data 02/10/2018 (Rexistro de entrada nº 14.222), no que solicita certificación de parcelas de natureza rústica.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos emitidos ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 03/10/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

A.- REF. CATASTRAL: 15074A042002020000KM
15074A042002910000KY
15074A940009600000UY
15074A042001660000KS

Vista a localización da catro fincas de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

- 1.- As parcelas obxecto do presente informe correspóndense coa seguinte referencia :
- 15074A042002020000KM
15074A042002910000KY
15074A440009600000UY
15074A042001660000KS





2.- As catro parcelas indicadas no apartado anterior atópanse dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico ordinario ou de protección forestal**, a saber:

- 15074A042002020000KM. Rústico ordinario.
- 15074A042002910000KY. Rústico de protección forestal
- 15074A940009600000UY. Rústico ordinario.
- 15074A042001660000KS. Rústico de protección forestal

3.- No presente caso serálle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria e forsatal, en cada caso), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.

4.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 31.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. Concepto e categorías

1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

B.-REF. CATASTRAL: 15074A042000160000KG.

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A parcelas obxecto do presente informe correspóndense coa seguinte referencia :

15074A042000160000KG. Superficie total: 416 m2/Catastro





2.- Á parcela correspóndenlle dúas clasificacións urbanísticas. Na fronte da mesma e nunha extensión superficial aproximada de 160 m2 e clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza correspondente ao solo de núcleo rural medio consolidado (SNR-B), e onde se esixe unha parcela mínima edificable de 500 m2. A traseira da parcela ten a clasificación de solo rústico ordinario.

3.- No presente caso, na parte da parcela correspondente coa clasificación de solo rústico ordinario, serallle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (ordinario), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.

4.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 31.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. *Concepto e categorías*

1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

3.- Visto o escrito presentado por María Rosa Blanco Álvarez en representación de **Tradonot, S.L.**, de data 02/10/2018 (Rexistro de entrada nº 14.191), no que solicita certificación de parcelas de natureza rústica.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 02/10/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

REF. CAT.: 15074A023000130000KM



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbanizable delimitado**, e integrado dentro do sector de solo urbanizable delimitado: SUZ-1 do PXOM de Riveira. De acordo co disposto pola disposición transitoria primeira, apartado 2 , da lei 2/2016 do Solo de Galicia, aplicaráselle o seguinte réxime:

2. *O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

2.- No presente caso trátase dun ámbito de solo urbanizable delimitado (SUZ-1/PXOM) e sen planeamento de desenvolvemento aprobado, nin iniciado. Polo tanto seralle de aplicación o disposto na vixente lei 2/2016, e concretamente no seu artigo 28, a saber:

Artigo 28. Réxime do solo urbanizable

1. Os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a promover a súa transformación, solicitando ao concello a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento, de conformidade co establecido nesta lei e no plan xeral de ordenación municipal, ou proceder ao seu desenvolvemento se xa está ordenado directamente no plan xeral.

2. No solo urbanizable, en tanto non se aprobe a correspondente ordenación detallada, non poderán realizarse construcións, agás as que se vaian executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas e as de carácter provisional, nas condicións establecidas no artigo 89.

3.- E xa por remisión do disposto no artigo 28.2 da Lei 2/2016, expoñemos o contido do artigo 89 “Usos e obras provisionais”:

Artigo 89. Usos e obras provisionais





1. Malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial.

2. Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o acordase o concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade.

As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR - ALBERTO GIL DIOS.

LICENZA DE OBRA Nº 30/17, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 29 de xuño de 2017.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta baixa.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: Agrupación en escritura pública otorgada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos das parcelas con refª catastral nº 15074A022020710000KP e con refª catastral nº 15074A022006920000KZ respectivamente cunha superficie total de 817,00 m².

SITUACIÓN: Lugar de Sabartán, Montevixán, Carreira, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. Alberto Gil Dios.

AUTOR/A PROXECTO: Sra. Carmen María Pérez Pérez, (Arquitecto Col. nº 3.803).

PROXECTO: Proxecto Básico de abril de 2016 / Escritura de compra-venda, así como agrupación en escritura pública otorgada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos das parcelas con refª catastral nº 15074A022020710000KP e con refª catastral nº 15074A022006920000KZ / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xullo de 2017 / Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017 / Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017 / Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de xullo de 2017.

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Documentación Fin de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 27 de xullo de 2017 / Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2018 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Sra. Carmen María Pérez Pérez, (arquitecto Col. nº 3.803) e polo Sr. Francisco A. Frago Pena (arquitecto técnico Col. nº 1.509) / Acta de Replanteo e de Comenzo de Obra / Acta de Recepción de Edificio Terminado / Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade / Modelo 902-N xustificante do Catastro de alta no IBI / Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operacións Zona Sur na data 19 de setembro de 2018.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO





PRIMEIRO.- Polo Sr. Alberto Gil Dios, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 28 de abril e 6 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 6.969 e 9.446), licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, no lugar de Sabartán, Montevixán, Carreira, Riveira en parcela resultante da agrupación en escritura pública otorgada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos das parcelas con refª catastral nº 15074A022020710000KP e con refª catastral nº 15074A022006920000KZ respectivamente cunha superficie total de 817,00 m², achegándose Proxecto Básico de abril de 2016 redactado pola Sra. Carmen María Pérez Pérez, (Arquitecto Col. nº 3.803).

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de xuño de 2017 por unanimidade acorda:

“
(...)

CONCEDER ao Sr. Alberto Gil Dios **LICENZA DE OBRAS Nº 30/17** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Sabartán, Montevixán, Carreira, Riveira en parcela resultante da agrupación en escritura pública otorgada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos das parcelas con refª catastral nº 15074A022020710000KP e con refª catastral nº 15074A022006920000KZ respectivamente cunha superficie total de 817,00 m², nos termos do Proxecto Básico de abril de 2016 redactado pola Sra. Carmen María Pérez Pérez, (Arquitecto Col. nº 3.803):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos**.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, **refléxase unha superficie de cesión en total de 37,00 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.074,48 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación**.

(...)
“

TERCEIRO.- En escrito rexistrado de entrada na data 20 de xullo e 2 de agosto de 2017, (Rexistro de entrada nº .3277 e 12.946), achégase ao expediente Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xullo de 2017 así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de xullo de 2017.





CUARTO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de setembro de 2017 por unanimidade acorda:

“
(...)

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 30/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de xuño de 2017 a Sr. Alberto Gil Dios, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xullo de 2017 así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de xullo de 2017.

“
(...)

QUINTO.- Consta asinado contrato de cesión na data 15 de novembro de 2017 polo Sr. Alberto Gil Dios polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreode 37,00 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

SEXTO.- Posteriormente polo Sr. Alberto Gil Dios en escritos rexistrados de entrada nas datas 13 e 23 de agosto así como o 19 de setembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 11.748, 12.202), solicítase licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta baixa construída ao amparo da licenza de obra nº 30/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 29 de xuño de 2017, sita no de Sabartán, Montevixán, Carreira, Riveira, achegándose **Documentación Fin de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 27 de xullo de 2017, Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2018 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Sra. Carmen María Pérez Pérez, (arquitecto Col. nº 3.803) e polo Sr. Francisco A. Frago Pena (arquitecto técnico Col. nº 1.509), Acta de Replanteo e de Comenzo de Obra, Acta de Recepción de Edificio Terminado, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 19 de setembro de 2018.**

SÉTIMO.- No caso que nos ocupa o Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico con sinatura dixital favorable en relación a licenza de primeira ocupación na data 20 de setembro de 2018 facendo constar que o construído cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente así como que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

OITAVO.- Por último o Sr. Alberto Gil Dios en escrito rexistrado de entrada na data 28 de setembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 14.002), achega Modelo 902-N xustificante do Catastro de alta no IBI para engadir ao expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

TERCEIRO.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.

O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- Artigos 349 a 358 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Así o artigo 355.3 do Regulamento establece que as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán ir acompañadas dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Xuntarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, se é o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais nos termos previstos no artigo 358.2 deste regulamento.

QUINTO.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación





1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.

2. Sin perxuício do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxecto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

– Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

– Que sexa susceptible de utilización independente.

– Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificárla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

SIXTO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello





non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, **sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito**, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a STS de 14 de decembro de 1998, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impondo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos términos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

SIXTO.- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

SÉTIMO.- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

OITAVO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

NOVENO.- O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

DÉCIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.





Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico con sinatura dixital favorable favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 20 de setembro de 2018 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida así como que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Alberto Gil Dios **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa construída ao amparo da licenza de obra nº 30/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 29 de xuño de 2017, sita no lugar de Sabartán, Montevixán, Carreira, Riveira, en parcela resultante da agrupación en escritura pública otorgada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos das parcelas con refª catastral nº 15074A022020710000KP e con refª catastral nº 15074A022006920000KZ respectivamente, de acordo coas determinacións da **Documentación Fin de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 27 de xullo de 2017, Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2018 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Sra. Carmen María Pérez Pérez, (arquitecto Col. nº 3.803) e polo Sr. Francisco A. Frago Pena (arquitecto técnico Col. nº 1.509), Acta de Replanteo e de Comenzo de Obra, Acta de Recepción de Edificio Terminado, Modelo 902-N xustificante do Catastro de alta no IBI, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 19 de setembro de 2018.**

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON MANUEL CARRIL GÓMEZ POR DANOS NO VEHÍCULO 5252-DKX OCASIONADOS POR MOR DAS OBRAS QUE SE ESTABAN EXECUTANDO NA AVENIDA DA CORUÑA. Expediente RP/1/2018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don Manuel Carril Gómez**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 23/01/2018 co número 914, don Manuel Carril Gómez, con DNI número 34.923.286-V, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polos danos ocasionados na data 02/10/2017 no vehículo Mercedes Benz, con matrícula 5252-DKX, ao bater contra o mesmo un dos pivotes de plástico das obras que se estaban a realizar na Avenida da Coruña.

Con seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de presuposto de reparación de danos e copia simple de cinco fotografías do lugar do accidente e dos danos causados no vehículo.

Segundo.- Na instrución do expediente de responsabilidade xuntáronse a el: informe emitido na data 16/05/2018 pola Policía local, certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrada de entrada na data 08/05/2018 co número 6.752, e informe emitido na data 27/08/2018 pola enxeñeira municipal.

Terceiro.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.





Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

No suposto que se examina, o reclamante está lexitimado para formular a presente reclamación, xa que resultou directamente afectado no seu patrimonio a consecuencia dos danos que sufriu no vehículo da súa propiedade, e fíxoo en tempo e forma por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do suceso que motivou o prexuízo económico, xa que segundo consta na reclamación presentada a data do sinistro foi o 02/10/2017.

Sen embargo, a lexitimación pasiva non corresponde ao Concello de Riveira, ao ser alleo á contratación, licitación e execución da obra, tal e como pon de manifesto a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 27/08/2018: *“En relación al expediente de referencia se afirma que la Administración titular de la Avenida de la Coruña es la Xunta de Galicia. En el departamento de obras públicas del Ayuntamiento de Riveira no se tuvo conocimiento de los daños por los que se reclama. Es importante decir que la obra realizada en la Avenida de la Coruña en octubre del 2017, está incluída en el proyecto denominado “Renovación de aceras y servicios en la Avenida de la Coruña (Desde cruce calle Vionta hasta cruce carretera a la playa)”, que ha sido redactado por el Concello de Riveira, pero la contratación, licitación y ejecución de la obra ha sido realizada por la Xunta de Galicia. Así mesmo, la dirección de la obra también ha sido ajena a este Concello, siendo la Administración autonómica la encargada de llevarla a cabo. No se tiene nada más que decir al respecto sobre la reclamación realizada.”*

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Manuel Carril Gómez por falta de lexitimación pasiva do Concello de Riveira.

Remitir o expediente de reclamación á XUNTA DE GALICIA, de conformidade co artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, para que de acordo co contido do devandito precepto, proceda a tramitar a reclamación presentada por don Manuel Carril Gómez.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018 Hora: 14:14
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		





Notificar esta circunstancia a todos os interesados no presente procedemento.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA MARINA SUÁREZ GUZMÁN, POLOS DANOS SUFRIDOS POR UNHA CAÍDA NA BEIRRARRÚA POR MOR DUNHAS BALDOSAS QUE ESTABAN SOLTAS. Expediente RP/23/2016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Marina Suárez Guzmán**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 09 de setembro de 2015, dona Marina Suárez Guzmán saía do supermercado “*Gadis*” sito no lugar de Padín, cando camiñando pola beirrarrúa tropezou cunha baldosa que non estaba en bo estado, o que fixo que perdera o equilibrio e se golpeará cuns arcos metálicos que se atopan colocados no límite da beirrarrúa co fin de delimitar a zona de paso de peóns e a de paso dos vehículos.

Segundo.- Como consecuencia do accidente, a Sra. Suárez Guzmán tivo que recibir asistencia médica no servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron “*contusión esternal*”. Posteriormente tivo que acudir á Policlínica “*El Carmen*”, na que lle foi diagnosticado fractura de esternón e fracturas da 4ª, 5ª e 6ª costelas dereitas.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 09/09/2016 co número 11.558, dona Marina Suárez Guzmán promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos e lesións sufridos pola mencionada caída, que cuantifica no importe total de 7.293 €, cantidade que desglosa do seguinte xeito:

- 4.083,41 € polos días invertidos na curación (50 días impeditivos e 37 días non impeditivos).
- 1.373,44 € polas secuelas.
- 545,68 € polo factor de corrección.
- 12,69 € por gastos de farmacia.
- 160 € pola realización dun scanner de Tórax (factura do Centro Sanitario La Rosaleda).
- 4,06 € pola expedición do informe policial (recibo emitido polo Concello de Riveira).
- 1.115 € pola atención médica recibida na Policlínica El Carmen.





Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do informe emitido o día do accidente pola Policía Local do Concello de Riveira; copia de informe médico emitido pola Policlínica El Carmen; copia simple de factura de gastos farmacéuticos; copia simple de factura emitida polo centro sanitario La Rosaleda; copia simple de recibo de pago de taxas por expedición de documentos emitido polo Concello de Riveira; e copia simple de factura expedida por Emilio Pozas Pérez.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Actas das probas testemuñais realizadas nas datas 10/01/2017 e 31/01/2017.
- Informe emitido na data 09/09/2015 pola Policía Local.
- Informe emitido na data 08/11/2017 pola Policía Local.
- Informe emitido na data 26/06/2018 pola enxeñeira municipal.
- Informe emitido na data 02/07/2018 polo capataz de obras do Concello de Riveira.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, presentándose alegacións pola interesada mediante escrito rexistrado de entrada na data 19/07/2018 co número 10.878, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Marina Suárez Guzmán para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na beirarrúa da inmediacións do supermercado “Gadis”, situado no lugar de Padín, e fíxoo en tempo e forma idóneas**, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da zona na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia





de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e as lesións sufridas pola Sra. Suárez Guzmán. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a beirarrúa antes referida na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira, tivo constancia dos feitos polos que se reclama, podendo comprobar a veracidade dos mesmos** tal e como se reflicte en informe emitido na data do sinistro e no que se dispón o seguinte: *“Que sobre las 20:00 horas se nos comunica desde la Jefatura de la Policía Local (239013) la caída de una persona en las inmediaciones del centro comercial “Gadis”. Personados en el lugar en la mayor brevedad posible, nos encontramos a una mujer, Marina Suárez Guzmán y con domicilio en C/Manuel Murguía nº 11, con DNI 33221898P, quien manifiesta haberse tropezado en la acera por culpa de unas baldosas sueltas, las cuales provocan que se desestabilice y se precipite, cayendo sobre la horquilla metálica que se refleja en la imagen. Manifiesta que tiene un dolor fuerte en el pecho, por lo que se avisa y moviliza una ambulancia asistencial del 061, para su traslado al hospital y un posterior chequeo. Dicho incidente lo corrobora un testigo ocular, que se identifica como Antonio Lijó Ramos, vecino de este Concello y con DNI 52453733W.”* Posteriormente, en informe emitido na data 08/11/2017, a Policía local, informa de que no lugar dos feitos habería unhas 3 baldosas soltas, que oscilaban un pouco, pero descoñecendo si isto foi o factor determinante para a caída da reclamante.
- **A testemuña á que se tomou declaración no procedemento administrativo, presenciou a caída da reclamante** e afirma que ao achegarse xunto a ela para axudala viu que había unhas lousas que se movían bastante, aínda que isto apenas se apreciaba xa que non estaban levantadas senón que ao pisalas movíanse bastante, polo que pensa que esta foi a causa da caída.
- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente e descoñecese o estado exacto do tramo da beirarrúa no que tivo lugar a caída na data da mesma. Sen embargo, na data 08/11/2016, procedeuse a inspeccionar a zona, comprobándose que na mesma existían claros indicios da reparación e renovación de varias baldosas. Isto é o que reflicte a enxeñeira municipal no seu informe



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018 JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Fecha: 17/10/2018 Hora: 14:14





emitido na data 26/06/2018. Por outra banda, en informe emitido na data 02/07/2018 polo capataz do departamento de obras públicas, dispónse: "(...) Examinadas as fotografías do lugar da caída que constan no expediente de reclamación, pode afirmarse que o tramo da beirarrúa no que tivo lugar o accidente foi reparado polos operarios municipais, e que cando se produce unha reparación deste tipo é porque as baldosas non están en bo estado, podendo xerar un obstáculo para os viandantes."

Da análise das probas practicadas, **extraemos a seguinte conclusión: que a beirarrúa situada nas inmediacións do supermercado "Gadis", sito no lugar de Padín, na data do accidente tiña deficiencias nalgunhas baldosas e que unhas desas baldosas en mal estado foi a que provocou a caída da Sra. Suárez Guzmán.**

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade** directo, exclusivo e inmediato entre o funcionamento do servizo municipal e os danos e lesións sufridos pola reclamante.

Respecto do **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada pola reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos acudir ao Real Decreto Legislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de Vehículos a Motor e a Resolución do 05 de marzo de 2014, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se da publicidade ás contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que se aplicarán durante o 2014, que se mantén vixente para o ano 2015, tendo en conta ademais que, segundo a Disposición final quinta da Lei 35/2015, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, esta non entra en vigor ata o 1 de xaneiro de 2016.

Así, en canto ás **lesións físicas**, en informe médico que achega a reclamante dispónse que a data da alta médica é o 03/12/2015, polo que se empregaron 86 días na curación das mesmas, dos que, segundo o referido informe médico, 50 días foron impeditivos, polo que os 36 días restantes considéranse non impeditivos. Con estes datos médicos e aplicando a Resolución do 05 de marzo de 2014 temos que:

- 50 días impeditivos x 58,41 € = 2.920,5 €.
- 36 días non impeditivos x 31,43 € = 1.131,48 €.
- **Total por este concepto = 4.051,98 €**

Polo que respecta ás **secuelas** alegadas pola reclamante, no informe médico acredítase como secuela a dor estorno-costal ao facer forza, toser, etc, que se valora en 2 puntos, polo que en atención á idade da reclamante na data da caída (59 anos) **correspóndelle unha indemnización de 1.373,44 €**

O total polas lesións físicas e polas secuelas da un resultado de 5.425.42 €, cantidade á que se lle suma a contía de **542,54 € en concepto de factor de corrección do 10%**, ao tratarse a reclamante dunha persoa en idade laboral, o que da un total por este concepto de 5.967,96 €.





E por último, en relación cos **danos sufridos**, estes resultan acreditados coas correspondentes facturas: 12,69 €, en concepto de gastos de medicamentos, segundo factura da farmacia Villamil e Reigosa; 160 €, en concepto de gasto pola realización dun scanner de tórax, segundo factura emitida polo Centro Sanitario La Rosaleda; 4,06 €, en concepto de expedición de informe policial, segundo recibo emitido polo Concello de Riveira; e 1.115 €, en concepto de atención médica, segundo factura emitida polo Policlínica El Carmen. Polo que a contía a indemnizar por este concepto sería de **1.291 €**.

Sumando as contías por todos os conceptos expostos, procede recoñecer á reclamante unha indemnización total por un importe de **7.258,96 €**.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/09/2018, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Marina Suárez Guzmán na contía de 7.258,96 €.

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará a dona Marina Suárez Guzmán a contía de 150 €, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data da caída, correspondendo a Mapfre Seguros de Empresas o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 7.108,96 €.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2018-2019

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 10/10/2018, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2018-2019

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:





Destino Santiago de Compostela

Vituro Buela, Uxía	54226512X
Fariña Martínez, Cristina	53797725N
Fariña Martínez, Irene	53797726J
Ares Gude, Sandra	53797859P
Sampedro Tomé, Claudia	53795645W
De Jesús Carou, Andrea	53488257A
Pérez Parada, Almudena	54225730X
Folgar Castro, Tamara	53799009P
Martínez Sobrido, Susana	53489499D
Baamonde Rial, Antonio	73420248Q
Crugeiras Santamaría, Andrea	53487301L
Martínez Lema, Valeria	53796635A
Rodríguez Castro, Denis	54225083F
Treus Gude, Alberto	53486593R
Mayo Olveira, Fátima	53488206G
Fontao Olveira, Inmaculada	53796168L
Manteiga Otero, Iván nereio	54225913D
Martínez Crugeiras, Victoria	53798307L
Sieira Pena, Laura	53795919T
Hombre Martínez, Néstor	53799661Q
Abraldes Pérez, Joaquín	53796393Z
Millán Lois, Teresa	53489319J
López Chouza, Sofía	53797843S
Pena Rey, Julia	53797668R
Iglesias Cofán, Emilio	53796383G
González Martínez, Martín	54224862Q
Martís Brión, Pablo	54225594N
Boumhara, Mehdi	X5829244D
Rivas Pérez, Andrea	54225356G
Cartelle Martínez, Cristina	53797973F
Cameán Dopazo, Tania	53487768A
Pérez Pestaña, Nerea	53799925G
Rey Ayaso, Manuel	54226076B
Dios Oujo, Mónica	53796666B
Domínguez Rodríguez, Moisés	53797685H
Pardavila Paz, Cristina	53795213F
Amine Ziani, Ahmed	X8674969J
Rañó Santamaría, Óscar	53798855S
Pereira Arca, Leticia	53796796A
Ramallo Gómez, David	53799699P
Agrelo Varela, Pablo	53797891V
Fandiño Argibay, Rubén	53797132V





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Pérez Rial, Adrián	53798543W
Campaña López, Rubén	54227341B
Gómez Ageitos, Leticia	54224869T
Cadabal Muñiz, Iria	52930375S
Sanlés Rivas, Lidia	53799511G
Rivas Pestoni, Adrián	53489530V
Baamonde Cameán, Kevin	53797601A
Monteagudo Lojo, Daniel	53799596C
Arca Sampedro, Carmen	53797015S
Romano Gude, Juan José	53798161B
Fernández Ouviaña, Sara	54225471G
Bouza Suárez, Lorena	54225131D
Villamil Reigosa, Ricardo	53798238L
Santos Folgar, Andrea	53485762K
Castro Vidal, Aitor	53796304V
Soneira Gómez, Erika	53798806N
Crujeiras Agrelo, Ana	53797791D
Pérez Muñiz, Raúl	53797012N
Pego Casanova, Antía	53483734V

Destino A Coruña

Folgar Castro, Tamara	53799009P
Pego Casanova, Antía	53483734V

Destino Pontevedra

Lages Brión, Alexandre	53795828R
Montemuíño Rodríguez, Raquel	53796041F
Fernández Santos, Gonzalo	53797091E
Dios Oujo, Yolanda	53796665X

Destino Vigo

Fernández Olveira, Raquel	53799118W
Mariño Páramo, Luísa	54225837W
Prol Lijó, Iago	53798174R
Pérez Prol, Alba	54225834E
Costa García, Sigrid	53487359P
Muñiz Cameán, Abel	53796370Z
Montemuíño Rodríguez, Raquel	53796041F
Fernández Santos, Gonzalo	53797091E
Rivas González, Yago	53489289Y
Rivas Rodríguez, Martina	53488988G
Paz Gómez, Pedro	53798407G
Dios Oujo, Yolanda	53796665X
Fernández Sampedro, Pablo	53487747M





ACORDO DE OUTORGAMENTO DE PERMISO DE VERTIDO - RIVEIRA PEIXE FRESCO, S.L.

REDE DE SANEAMENTO: COLECTOR INDUSTRIAL INDEPENDENTE
EXPEDIENTE: VERT000003_2017

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello por Ignacio Agustín Vázquez Abad, en representación de Riveira Peixe Fresco, S.L., de data 29 de novembro de 2017 (entrada núm. 18.979), mediante o que solicita: *“A autorización de verteduras da planta que a empresa Riveira Peixe Fresco, S.L. ten no polígono industrial de Xarás”*.

Escrito de Alcaldía de data 13 de decembro de 2017 (escrito con data do 14 de decembro de 2017, saída núm. 7.405), mediante o que se lle solicita á empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Riveira, Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., informe sobre a solicitude de permiso de vertedura efectuada por Riveira Peixe Fresco, S.L.

Solicitude presentada por Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., de data 14 de xuño de 2018 (entrada núm. 9.001), mediante a que achegan informe do servizo referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Riveira Peixe Fresco, S.L.

2. NORMATIVA APLICABLE

- *Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia*
- *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Riveira*
- *Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento*

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 9 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: *“1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. (...)”*

Establece o artigo 16 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á solicitude do permiso de vertedura, o seguinte: *“1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no Anexo V desta ordenanza. (...)

Establece o artigo 17 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao procedemento para a obtención do permiso de vertedura, o seguinte: “1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. De acordo cos datos achegados polo solicitante, o Concello resolverá no sentido de:

a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixidas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o interesado deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de sumidoiros pública, xuntando á súa solicitude o estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. A entidade xestora obrigará ao solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.

b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.

c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas nesta ordenanza.

5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.

6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentarase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.”

Establece o artigo 18 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao contido do permiso de vertedura, o seguinte: “O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Datos de identificación do titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018 Hora: 14:14
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		





f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicarse a súa frecuencia e duración.

g) Horario de vertedura.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura.

Seranlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero.

Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, o usuario gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, a entidade xestora poderá solicitar a modificación das características da sección de control.

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deba remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso."

4. PROPOSTA DE ACTUACIÓN





Visto o informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Riveira Peixe Fresco, S.L. emitido por Teresa Martínez Pérez (Técnico de Control de Verteduras de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U.) e por Paula Piñeiro Fernández (Responsable de Operacións Zona Sur de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U.), de data 13 de xuño de 2018.

Visto que a visita de inspección ás instalacións se realizou na data do 12 de abril de 2018, en compañía do Técnico Municipal de Medio Ambiente deste Concello.

Visto que o informe técnico resulta favorable de cara ao outorgamento do permiso municipal de vertedura.

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, de data 08/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Outorgar permiso municipal de vertedura á rede municipal de saneamento (colector industrial independente) á empresa Riveira Peixe Fresco, S.L. para as súas instalacións localizadas na avenida Ramiro Carregal Rey, núm. 5, Riveira.

PERMISO DE VERTEDEURA:

a) Datos de identificación do titular da actividade/inmable, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura:

Nome / Razón social: Riveira Peixe Fresco, S.L.

N.I.F.: B70083282

CNAE: 4638 Comercio polo xunto de peixes e mariscos

Enderezo: avenida Ramiro Carregal Rey, núm. 5 (polígono industrial de Xarás, parcela 5B)

Consumo de auga: 8.309 m³/ano

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais:

Segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Anexo VII da Ordenanza) a actividade clasifícase: Clase 1-Grupo 3. Sector alimentación.

A vertedura final é de augas residuais domésticas e industriais.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal:

Considérase o punto de toma de mostras a arqueta de rexistro previa á incorporación á rede de sumidoiros, coas seguintes coordenadas UTM: X: 500181,4595; Y: 4713272,2052; 29T; ED50

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.





Memoria explicativa do proceso industrial e descrición de procesos causantes das verteduras:

A actividade industrial da empresa consiste na comercialización, procesado e envasado do peixe fresco.

O proceso industrial que se realiza na planta é o lavado, clasificado, eviscerado (sobre todo en carioca) e empacado de peixe fresco. Ademais, fábricase xeo.

O lavado do peixe realízase con auga doce ou en salmoira. Primeiro o produto atópase nunha cuba, onde se limpa cunha manguera con auga a presión. Logo procésase nunha cintas, nas que se realiza o eviscerado dalgunhas especies, a carioca especialmente. As vísceras do peixe deposítanse nunha canaleta que conflúe nun contedor. Estes residuos xerados xestiónanse como SANDACH categoría 3.

Na seguinte fase, unha vez clasificado o peixe, procédese ao envasado. Tras isto, o produto almacénase en cámaras frigoríficas para a súa posterior expedición.

A vertedura final é de augas residuais domésticas e industriais. Especificamente, as verteduras dirixidas á rede de sumidoiros pública prodúcense por auga residual doméstica (procedente de aseos e vestiarios) e auga residual industrial (procedente da limpeza do peixe e baldeos das instalacións).

Pretratamentos adoptados:

A auga residual xerada durante o proceso industrial contén restos de vísceras, escamas, graxas... polo que é necesario un pretratamento para non enviar estes restos á rede de sumidoiros.

A instalación conta con dous pozos decantadores cuxo obxectivo é separar os restos orgánicos, decantándoos no fondo ou suspendéndoos na superficie, en caso de que o peso específico da partícula sexa superior ao peso específico da auga.

O primeiro decantador é de dobre cámara e ten 6 m³ de capacidade. O seguinte decantador ten 3 m³.

Os residuos líquidos do pretratamento son recollidos por xestor autorizado. Segundo a solicitude presentada pola empresa, as últimas limpeza foron realizadas o 29 de marzo de 2018.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo:

Realízase unha analítica dos parámetros máis representativos para a empresa, en función da súa actividade. Achéganse os resultados obtidos nas análises das mostras recollidas.





Data	pH	Conductividade	DBO ₅	DQO	Sólidos en suspensión	Nitróxeno Amoniacal	Fósforo total	Sulfuros	Aceites e graxas
02/05/18	6,23	1.868	130	278	50	7,57	5,55	0,1	0
Límites aplicables	5,5-9	5.000*	300	700	250	50	25	20	50
Unidades	U. pH.	μS/cm ²	mg O ₂ /L	mg O ₂ /L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L

* Non aplicable aos usuarios que verten á rede de saneamento industrial.

f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración:

Analizando os consumos de auga potable determínase que non hai que sinalar ningunha limitación en relación co caudal nin co horario de descarga.

Debido a que non rexistran un historial de caudais de saída a planta, calculouse un caudal medio diario de vertedura de 1 L/s, segundo os consumos de auga. Establécese un caudal límite de vertedura para a empresa de 1,5 L/s.

g) Horario de vertedura:

O horario de apertura da empresa e de vertedura do proceso industrial é de 09.00 a 14.00 h e de 16.00 a 19.00 h. O horario de descarga de materia prima e no que se producen tamén verteduras provenientes de baldeos é de luns a venres de 22.00 a 06.00 h e os sábados de 22.00 a 02.00 h.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura:

A arqueta de rexistro exterior de sumidoiro considérase adecuada pola concesionaria do servizo, xa que permite as tarefas de inspección e control. Ademais de ser Riveira Peixe Fresco, S.L. a única instalación conectada a esta arqueta.

Non se considera necesario a instalación dun tomamostras automático xa que o caudal de vertido non é significativo en canto á calidade e á cantidade.

Debido a que só utilizan auga procedente da rede de abastecemento municipal e que o caudal de vertedura excede os 2.000 m³/ano, para dispoñer do caudal instantáneo a empresa deberá instalar un contador de auga de abastecemento co sistema de telelectura cun software compatible co existente no servizo municipal.

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso:

Non procede.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco





elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes:

Unha vez concedido o permiso de vertido, o servizo realizará **catro (4) inspeccións anuais** que incluírán unha visita ás instalacións e a toma ou non dunha mostra puntual ou integrada.

De non detectarse ningún incumprimento significativo, manteranse ditas inspeccións, segundo determine o Concello. En caso contrario, o servizo informará ao Concello dos incumprimentos para que tome as medidas oportunas (aumento do número de inspeccións, sancións, e incluso a rescisión do permiso de vertedura.

O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento* e terá unha validez de **oito (8) anos**, renovable por períodos idénticos (artigo 15.5 da Ordenanza).

O permiso de vertedura deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, coa aprobación da nova normativa ou cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento fosen alteradas ou sobreviñeran outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos, podendo ser o caso de decretar a suspensión temporal ata que ditas circunstancias sexan superadas (artigo 19 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*).

As contías económicas das inspeccións, xornais e comprobacións de verteduras que se establecen neste punto están reguladas na correspondente *Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento* ou na vixente en cada momento.

A empresa debe aboar as contías económicas das análises periódicas e das emisións de informes, así como actuacións de comprobación e investigación, directamente á empresa concesionaria do servizo, segundo o establecido no artigo 5 da ordenanza fiscal. En caso contrario a empresa poderá ser sancionada.

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deba remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade:

Non procede para este caso.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura:

Oito (8) anos. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na Ordenanza municipal. Será renovable por idénticos períodos, por





consentimento expreso da Entidade Xestora e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no Artigo 19.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia:

Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, unha vertedura estraña á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben á propia rede.

No caso de Riveira Peixe Fresco, S.L., unha vez recibida a documentación solicitada acerca dos produtos químicos utilizados e as condicións de almacenamento (capacidade dos depósitos, existencia de cubetos de seguridade...), o servizo non considera necesario fixar unhas medidas concretas de actuación (Plan de Emerxencia). Considerando que o risco de que se produza unha situación de emerxencia que poida afectar ás instalacións é moi baixo e que, de darse o caso, está controlado de modo que non existe a posibilidade de que un residuo perigoso alcance a rede de saneamento.

Os residuos perigosos deberán continuar atopándose en boas condicións de orde e almacenamento e baixo as correspondentes medidas de seguridade. Todos os almacenamentos de líquidos revisados na instalación, susceptibles de provocar ditas situacións dispoñen de cubetos de seguridade ou outros dispositivos de seguridade adoptados para previr accidentes.

Non obstante, achéganse as instrucións a seguir ante unha situación de emerxencia ou perigo:

1º. Comunicalo con urxencia a Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U. e ás autoridades municipais. Teléfonos:

- EDAR Riveira: 609442600
- Viaqua Central (24 h): 986863335
- Garda Viaqua: 609811275
- Policía Municipal de Riveira: 981871178
- Protección Civil: 981876029

2º. Unha vez establecida a conexión, o usuario indicará o tipo e a cantidade de produtos vertidos á rede e tomaranse todas aquelas medidas necesarias para minimizar os posibles danos colaborando en todo momento co Concello.

3º. Nun prazo máximo de 48 h o usuario deberá emitir ao Concello un informe detallado do sucedido que incluírá, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e identificación da empresa.
- Dirección da mesma.
- Caudal e tipo de materias vertidas.





- Hora e causa do accidente.
- Correccións efectuadas “*in situ*”.
- Hora e forma en que se comunicou o incidente ao Concello.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, “Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.”, sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción:

Non procede.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos:

Non procede.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura:

Non procede.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso:

Deberá continuar coa xestión dos residuos xerados na instalación. Non se considera necesario establecer melloras adicionais en canto a seguridade e almacenamento.

A empresa entregou as fichas técnicas e de seguridade dos produtos de limpeza e desinfección. Algúns deles están identificados como *R50/53 – Moi tóxico para os organismos acuáticos, pode provocar a longo prazo efectos negativos no medio ambiente acuático.*

Presentan documentación que acredita unha correcta xestión e recollida dos subprodutos xerados de peixe mediante a recolleita destes polo xestor autorizado Técnicas de Nutrición S.A. Esta empresa está rexistrada no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente como planta que manipula SANDACH (categoría 2 e 3) ou produtos derivados con fins fóra da cadea alimentaria SANDACH, co código SANDACH/oficial S15017002.

O baleirado dos contedores de restos de peixe realízase no exterior da planta case a diario por esta mesma empresa.

Riveira Peixe Fresco, S.L. fai constancia disto presentando a “Documentación de Acompañamento de subprodutos Animais non Destinados a Consumo Humano”





de datas 02/04/18, 03/04/18, 06/04/18, 09/04/18, 11/04/18 e 13/04/18, emitidos por Técnicas de Nutrición, S.A.

No caso de que a materia prima ou produto presente algunha substancia química ou material físico, ou residuo, será considerado como subproduto de categoría 2 e identificado e xestionado pola empresa autorizada Técnicas de Nutrición, S.A.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D^a LUISA MANEIRO ROMAY, CO FIN DE DESTINALA A APARCADOIRO MUNICIPAL.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- D^a Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14.966.210-A, e domicilio en Gomistegui, 31, San Sebastián, é propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Porto do Son, Don José Manuel Rodríguez Casal, na data 28/09/1.993, co número 461 do seu protocolo:

Finca rústica, sita en Corrubedo, municipio de Riveira, labradío, denominada "LEIRA DA HERBA", de nove áreas e sesenta centiáreas (960 metros cadrados), que linda: Norte, estrada; Sur, herdeiros de José Hermo; Este, herdeiros de Bernardo Romay; e Oeste, Manuel Romay.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 858, Libro 214, Folio 78, Finca nº 18.092.

Referencia catastral: 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ.

2.- Na data 01/06/2018, procedeuse á sinatura do "**Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento.**", do seguinte tenor literal:

Reunidos en Riveira, a 1 de xuño de 2018.

Dunha parte, MANUEL RUIZ RIVAS Alcalde-Presidente deste Concello, con domicilio en Casa Consistorial Concello de Riveira (Praza do Concello s/n 15960, Riveira), facultado á firma deste convenio de acordo coas facultades que lle confire a lexislación vixente, especialmente a Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e a Lei 5/97, do 22 de xullo do Réxime local de Galicia.

É asistido no presente acto polo Secretario Xeral da Corporación, D. Juan Manuel Salguero del Valle, ós efectos de fé pública previstos no artigo 2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

E doutra parte:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





- **Dna. LUISA MANEIRO ROMAY**, maior de idade, con DNI nº 14.996.210-A, propietaria única dos terreos afectados polo convenio e co domicilio en Gomistegui, 31, San Sebastián.

Actúa no presente acto representada por **Dna MARÍA LUISA ARIAS MANEIRO**, con DNI nº 15969718-J, segundo **poder xeral outorgado con data 13 de febreiro de 2018 ante o Notario de Pasaia, Miguel Ángel Sánchez Ferrer**.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que **Dna LUISA MANEIRO ROMAY**, apoderada por **Dna MARÍA LUISA ARIAS MANEIRO (segundo escritura compravenda de data 28 de setembro de 1993 outorgada ante o Notario de Porto do Son D. José Manuel Rodríguez Casal)**, é propietaria única do seguinte terreo afectado polo presente Convenio:

FINCA RÚSTICA, SITA EN CORRUBADO-RIVEIRA, LABRADÍO, CHAMADO LEIRA DA HERBA, DE NOVE ÁREAS E SESENTA CENTIÁREAS. LINDA: NORTE, CARRETERA; SUR, HERDEIROS DE JOSÉ HERMO; ESTE, HERDEIROS DE BERNARDO ROMAY; E OESTE, MANUEL ROMAY.

SEGUNDO.- O obxecto deste Convenio é establecer as condicións da cesión por **Dna LUISA MANEIRO ROMAY**, apoderada por **Dna MARIA LUISA ARIAS MANEIRO** ao Concello de Riveira (A Coruña), do ben descrito anteriormente con obxecto de que esta Administración Municipal o adique a aparcamento público en superficie a fin de mitigar o déficit de aparcamentos existentes na zona.

TERCEIRO.- Que a propietaria, na súa condición de titular da finca descrita anteriormente cede parcialmente a mesma ó Concello de Riveira nas condicións aquí pactadas e sen que esta cesión temporal supoña merma ou limitación dos seus dereitos como titular das parcelas referidas.

Aos efectos de levar a cabo a actuación que se pretende, as partes citadas aprobas as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes que subscriben comprométense, na medida que lles corresponda, a asumir as determinacións establecidas no presente Convenio.

SEGUNDA.- A descrición do terreo que se cede ao Concello é a seguinte:

- **FINCA RÚSTICA, SITA EN CORRUBEDO-RIVEIRA, LABRADÍO, CHAMADO LEIRA DA HERBA, DE NOVE ÁREAS E SESENTA CENTIÁREAS. LINDA: NORTE, CARRETERA; SUR, HERDEIROS DE JOSÉ HERMO; ESTE, HERDEIROS DE BERNARDO ROMAY E OESTE, MANUEL ROMAY.**

TERCEIRA.- O Concello de Riveira obrígase ao seguinte:

1º) Aboar ós propietarios unha cantidade de **CATRO MIL OITOCENTOS EUROS ANUAIS MÁIS IVE (4.800 euros anuais máis ive)**.

Esta cantidade será aboada trimestralmente á propiedade. Ante o impago dun trimestre á propiedade ésta poderá rescindir o contrato automaticamente sen necesidade de





previa comunicación ó Concello. Coa rescisión a propiedade recuperará de xeito automático a posesión das fincas obxecto do presente contrato.

A cantidade será ingresada na **CC nº ES 52 2095 5093 59 1072449308** da entidade **KUTXABANK**, da que é titular **LUISA MANEIRO ROMAY**.

2º) Adicar o espazo cedido para aparcamento exclusivamente, sen que poida adicarse a outra finalidade, realizando todas as tarefas que sexan precisas pola súa conta, en especial o valado, medición e delimitación da finca que é obxecto de cesión para o aparcamento de xeito que queden diferenciadas de todos os colindantes, indicando a través dun cartel colocada ao efecto que se trata dun aparcamento público en finca privada.

CUARTA. O prazo da cesión establécese en **DOUS ANOS**, prorrogables ano a ano ata un máximo de **CINCO ANOS**, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes. Polo tanto, chegada a data aquí pactada sen haberse prorrogado o contrato, revertirá automaticamente a posesión á propiedade.

En calquera caso o ben cedido será posto a disposición da propiedade cando ésta o reclame, debendo avisar ó efecto cunha antelación mínima dun mes. Esta rescisión unilateral non terá penalización de ningún tipo.

Para o suposto de que chegada a data de entrega á propiedade non lle sexa revertida a posesión por parte do Concello de calquera das parcelas á que se refire o presente contrato, establece unha penalización de **CEN EUROS (100 euros)** por día a cargo do Concello por cada unha das parcelas que non se puxeran a disposición da Propiedade.

QUINTA: Os propietarios cedentes manifiestan expresamente a súa autorización para que o Concello leve a cabo a inmediata ocupación dos bens que se ceden.

SEXTA: OBRAS E GASTOS: Calquera tipo de obra e/ou alteración da parcela deberá contar co coñecemento previo e consentimento por escrito da Propiedade, sen cuxo requisito non se poderá levar a cabo alteración algunha sobre as devanditas parcelas.

O mantemento e conservación das parcelas, mentres está vixente a cesión, corresponderá en exclusiva ó Concello eximíndolle de calquera gasto e responsabilidade á propiedade.

Calquera obra que se efectúe na parcela quedará a beneficio da Propiedade.

Para que así conste, e en proba de conformidade, asínao no lugar e data arriba indicado en triplicado exemplar e a un só efecto.

O Alcalde-Presidente,
Asdo. Manuel Ruiz Rivas

O Secretario
Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

A propiedade
Asdo. María Luisa Arias Maneiro

3.- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Copia simple da escritura de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Porto do Son, Don José Manuel Rodríguez Casal, na data 28/09/1993, co número 461 do seu protocolo.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018 Hora: 14:14
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		





- Copia simple da escritura de poder xeral outorgado por Dna. Luisa Maneiro Romay a favor de Dna. Ramona e Dna. M^a Luisa Arias Maneiro, e autorizada polo Notario de Pasaia, D. Miguel Ángel Sánchez Ferrer, na data 13/02/2018, co número 287 do seu protocolo.
- Copia simple de consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais do inmovible.
- Informe de valoración do aluguer emitido polo arquitecto municipal na data 19/09/2018.
- Informe de idoneidade emitido polo arquitecto municipal na data 19/09/2018.

4.- Na data 09/10/2018, o interventor municipal emite informe de fiscalización favorable no que fai constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 133.20200, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente é 1.904.010,83 euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoebles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: “1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e adjudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario deberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens.”

A estes efectos, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertáranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considere necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

En canto ao órgano competente para acordar o arrendamento, estase ao referido na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que dispón que nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





Entidades Locais as competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adjudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados. Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adjudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor. O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

SEGUNDA.- No caso que nos ocupa, **trátase do arrendamento do inmoeble que se describe a continuación:**

Descrición: Finca rústica, sita en Corrubedo, municipio de Riveira, labradío, denominada "LEIRA DA HERBA", de nove áreas e sesenta centiáreas (960 metros cadrados), que linda: Norte, estrada; Sur, herdeiros de José Hermo; Este, herdeiros de Bernardo Romay; e Oeste, Manuel Romay.

Título: Escritura de compravenda, autorizada polo Notario de Porto do Son, don José Manuel Rodríguez Casal, na data 28/09/1.993, co número 461 de protocolo.

Referencia catastral: 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ.

Categoría de solo: Solo urbano non consolidado.

Cargas: Non consta a existencia de cargas.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 858, Libro 214, Folio 78, Finca nº 18.092.

Propietario: Dna. Luisa Maneiro Romay, con Documento Nacional de Identidade número 14996210A.

Polo tanto, **resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar do contratista.**

TERCEIRA.- En relación ás **actuacións formais necesarias** para proceder ao arrendamento do ben inmoeble, **consta no expediente informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 19/09/2018.**

Neste informe dispónse que **o valor de mercado da finca ascende á cantidade de 92.093,76 euros.** Aclarando que se toma como superficie da finca a reflectida na escritura de propiedade, que é sensiblemente inferior á amosada en Catastro.

En relación ao valor do aluguer, o referido informe técnico municipal, dispón o seguinte: *"No presente caso e por asimilación e comparación con outras fincas de natureza urbana e localizada en solo urbano e nas inmediacións da finca presente, e de similares características (boas condicións de acceso rodado, etc...) e que o Concello ten asinado contrato de arrendamento para aparcadoiro municipal; e aplicando, así mesmo, as oportunas ponderacións; de accesibilidade, extensión superficial (capacidade de aparcadoiros), así como as infraestruturas urbanas no entorno da finca obxecto de*





valoración, concluímos que o valor de aluguer axustado ao presente caso, e a partires da situación urbanística da parcela e o conseguinte valor de mercado do inmovible, este ascende á cantidade de 4.800 euros (CATRO MIL OITOCENTOS EUROS + ive/ano).

Compre dicir que, en canto ao prezo do contrato e ante a falla de regulación expresa de este tipo de negocio xurídico, poderíase acudir, por analoxía, ao artigo 92.2 do RB, que dispón: “En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens”. Neste caso, aplicando o criterio recollido no citado artigo en sentido inverso, e tendo en conta que o canon ao que se refire, ao non especificar nada, enténdese que é anual, o valor do arrendamento resultaría o referido a continuación, no que se pode apreciar que **o prezo mencionado no informe pericial de 4.800 euros ao ano máis IVE (5.808 euros) está lixeiramente por riba do valor anual en aplicación do artigo 92.1 do RB:**

Valor total	Valor anual	Valor mensual
92.093,76 euros	5.525,62 euros	460,46 euros /mes

Sen embargo, pode estimarse que o fundamental é o informe técnico de valoración do aluguer, que polas especiais características da finca establécese nunha contía de 4.800 euros ao ano (IVE excluído), o que ao engadirlle o IVE resulta unha contía de 5.808 euros anuais, o que fai unha contía mensual de 484 euros.

CUARTA.- A especial idoneidade do inmovible resulta xustificada en informe emitido na data 19/09/2018 polo arquitecto municipal: “1. A presente parcela de natureza urbana conta con acceso rodado público a traveso da estrada do Faro, e encravada dentro do entramado de solo urbano de Corrubedo. 2.- A parcela, de acordo coas escrituras aportadas, ten unha extensión superficial de 960 m2. 3.- A presente parcela de natureza urbana conta con un acceso rodado público a traveso da estrada que conduce ao faro de Corrubedo, tal e como se ten exposto no apartado anterior. O acceso está en bo estado e atópase no propio acceso e borde do núcleo urbano de Corrubedo; resultando tanto a súa propia xeometría e a **localización idóneas**, toda vez que nas inmediacións da mesma tampouco atopamos unha parcela destas características para albergar este uso (aparcamento público ao aire libre). E tendo en conta a demanda efectiva de prazas de aparcamento da zona, confiren á presente parcela un interese notable de cara ao fin que se pretende dar.”

QUINTA.- En informe emitido na data 09/10/2018, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para o arrendamento que se pretende.

SEXTA.- De conformidade co artigo 124 da Lei 33/2003 antes citado, **pode concertarse o arrendo de modo directo, ao xustificarse a especial idoneidade do inmovible.**

SÉTIMA.- De conformidade co informe de Intervención en relación á porcentaxe do 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto, e tendo en conta o prezo total do contrato co importe acumulado das cinco anualidades (29.040 euros), o órgano competente para acordar a presente contratación é o Alcalde, xa que a contía do contrato non supera a porcentaxe indicada, estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.





Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida la lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 11/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Ratificar o convenio asinado nada data 01/06/2018 entre o Concello de Riveira e Dna. Luisa Maneiro Romay, polo que se arrenda o inmovible denominado “LEIRA DA HERBA”, coas referencias catastrais 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ, polo prezo de 4.800 euros anuais (IVE excluído), e con suxeición ás cláusulas referidas no devandito convenio.

Segundo.- Anotar o arrendo no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

Terceiro.- Atender ao cumprimento do contrato de arrendamento con cargo á aplicación correspondente do orzamento municipal vixente.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos interesados.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE ARRENDAMENTO DE PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D^a M^a DOLORES HERMO MARTÍNEZ, CO FIN DE DESTINALA A APARCADOIRO MUNICIPAL.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- D^a M^a Dolores Hermo Martínez, con DNI número 76504834-A, e domicilio en Eirexa, nº 59, parroquia de Olveira, do municipio de Riveira, é propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de manifestación e adjudicación de herdanza, autorizada polo Notario que foi de Riveira, Don Óscar Manuel López Doval, na data 29/07/2.005, co número 1.113 do seu protocolo:

URBANA: CASA composta de planta baixa duns 129 metros cadrados, e planta alta duns 122 metros cadrados, sita na Rúa da Fonte, que ten unido un anaco de terreo duns 3.984 metros cadrados, no que se sitúa un galpón destinado a almacén de planta baixa duns 83 metros cadrados. O conxunto forma unha soa finca, sinalada tamén cos números 5, 9 e 11 da Rúa Chaprado, parroquia de Corrubedo, municipio de Riveira, dunha superficie total aproximada de 4.103 metros cadrados; que linda: Norte, Andrés Rodríguez Triñanes, Luisa Maneiro Romay, Juan José Gómez Romay, Ramona Díaz Brión, José Teira Sanlés, Dolores Castro Martínez e a finca coa referencia catastral 4339023MH9143N0001PZ; Sur, Andrés Rodríguez Triñanes, Rosa Martínez Mariño, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L., Elena Brión Paz e Adelino Martínez Martínez; Este, Adelino Martínez Martínez, Carmen Prego Brión, José Teira Sanlés e Juan José Gómez Romay; e Oeste, Andrés Rodríguez





Triñanes, Dolores Armental García, Josefa Armental Lojo, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L. e Elena Brión Paz.

Non se ten datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Referencia catastral: 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.

2.- Na data 07/08/2018, procedeuse á sinatura do "**Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento María Dolores Hermo Martínez.**", do seguinte tenor literal:

Reunidos en Riveira, a 7 de agosto de 2018.

Dunha parte, **MANUEL RUIZ RIVAS Alcalde-Presidente** deste Concello, con domicilio en Casa Consistorial Concello de Riveira (Praza do Concello s/n 15960, Riveira), facultado á firma deste convenio de acordo coas facultades que lle confire a lexislación vixente, especialmente a Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e a Lei 5/97, do 22 de xullo do Réxime local de Galicia.

É asistido no presente acto polo **Secretario Xeral da Corporación, D. Juan Manuel Salguero del Valle**, ós efectos de fé pública previstos no artigo 2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

E doutra parte:

- **Dna. MARÍA DOLORES HERMO MARTÍNEZ**, maior de idade, con DNI nº 76504834A, propietaria dos terreos afectados polo convenio e co domicilio en Eirexa-Olveira, 59, Riveira, A Coruña.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que **Dna MARÍA DOLORES HERMO MARTÍNEZ**, é propietaria dun terreo sito en Corrubedo, segundo a seguinte descrición:

URBANA: CASA composta de planta baixa duns 129 metros cadrados, e planta alta duns 122 metros cadrados, sita na Rúa da Fonte, que ten unido un anaco de terreo duns 3.984 metros cadrados, no que se sitúa un galpón destinado a almacén de planta baixa duns 83 metros cadrados. O conxunto forma unha soa finca, sinalada tamén cos números 5, 9 e 11 da Rúa Chaprado, parroquia de Corrubedo, municipio de Riveira, dunha superficie total aproximada de 4.103 metros cadrados; que linda: Norte, Andrés Rodríguez Triñanes, Luisa Maneiro Romay, Juan José Gómez Romay, Ramona Díaz Brión, José Teira Sanlés, Dolores Castro Martínez e a finca coa referencia catastral 4339023MH9143N0001PZ; Sur, Andrés Rodríguez Triñanes, Rosa Martínez Mariño, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L., Elena Brión Paz e Adelino Martínez Martínez; Este, Adelino Martínez Martínez, Carmen Prego Brión, José Teira Sanlés e Juan José Gómez Romay; e Oeste, Andrés Rodríguez Triñanes, Dolores Armental García, Josefa Armental Lojo, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L. e Elena Brión Paz. Referencia catastral: 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.

SEGUNDO.- O obxecto deste Convenio é establecer as condicións da cesión por **Dna MARÍA DOLORES HERMO MARTÍNEZ** ao Concello de Riveira (A Coruña), do ben descrito





anteriormente con obxecto de que esta Administración Municipal o adique a aparcamento público en superficie a fin de mitigar o déficit de aparcamentos existentes na zona.

TERCEIRO.- Que a propietaria, na súa condición de titular da finca descrita anteriormente cede parcialmente a mesma ó Concello de Riveira nas condicións aquí pactadas e sen que esta cesión temporal supoña merma ou limitación dos seus dereitos como titular das parcelas referidas.

Aos efectos de levar a cabo a actuación que se pretende, as partes citadas aproban as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes que subscriben comprométense, na medida que lles corresponda, a asumir as determinacións establecidas no presente Convenio.

SEGUNDA.- A descrición do terreo que se cede ao Concello é a seguinte:

URBANA: CASA composta de planta baixa duns 129 metros cadrados, e planta alta duns 122 metros cadrados, sita na Rúa da Fonte, que ten unido un anaco de terreo duns 3.984 metros cadrados, no que se sitúa un galpón destinado a almacén de planta baixa duns 83 metros cadrados. O conxunto forma unha soa finca, sinalada tamén cos números 5, 9 e 11 da Rúa Chaprado, parroquia de Corrubedo, municipio de Riveira, dunha superficie total aproximada de 4.103 metros cadrados; que linda: Norte, Andrés Rodríguez Triñanes, Luisa Maneiro Romay, Juan José Gómez Romay, Ramona Díaz Brión, José Teira Sanlés, Dolores Castro Martínez e a finca coa referencia catastral 4339023MH9143N0001PZ; Sur, Andrés Rodríguez Triñanes, Rosa Martínez Mariño, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L., Elena Brión Paz e Adelino Martínez Martínez; Este, Adelino Martínez Martínez, Carmen Prego Brión, José Teira Sanlés e Juan José Gómez Romay; e Oeste, Andrés Rodríguez Triñanes, Dolores Armental García, Josefa Armental Lojo, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L. e Elena Brión Paz. Referencia catastral: 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.

Correspóndelle por herdanza do seu tío D. Jesús Hermo Bretal, segundo escritura de aceptación de herdanza outorgada con data 29 de xullo de 2005 ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Óscar Manuel López Doval.

TERCEIRA.- O Concello de Riveira obrígase ao seguinte:

1º) Aboar ós propietarios unha cantidade de **SETE MIL EUROS ANUAIS MÁIS IVE (7.000 euros anuais máis ive).**

Esta cantidade será aboada trimestralmente á propiedade. Ante o impago dun trimestre á propiedade ésta poderá rescindir o contrato automaticamente sen necesidade de previa comunicación ó Concello. Coa rescisión a propiedade recuperará de xeito automático a posesión das fincas obxecto do presente contrato.

A cantidade será ingresada na **CC nº ES 97 2080 0361 613000013850**, da que é titular **Dña MARÍA DOLORES HERMO MARTÍNEZ.**

2º) Adicar o espazo cedido para aparcamento exclusivamente, sen que poida adicarse a outra finalidade, realizando todas as tarefas que sexan precisas pola súa conta, en especial o valado, medición e delimitación da finca que é obxecto de cesión para o





aparcamento de xeito que queden diferenciadas de todos os colindantes, indicando a través dun cartel colocada ao efecto que se trata dun aparcamento público en finca privada.

CUARTA. *O prazo da cesión establécese en DOUS ANOS, prorrogables ano a ano ata un máximo de CINCO ANOS, data na que automáticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes. Polo tanto, chegada a data aquí pactada sen haberse prorrogado o contrato, revertirá automáticamente a posesión á propiedade.*

En calquera caso o ben cedido será posto a disposición da propiedade cando ésta o reclame, debendo avisar ó efecto cunha antelación mínima dun mes. Esta rescisión unilateral non terá penalización de ningún tipo.

Para o suposto de que chegada a data de entrega á propiedade non lle sexa revertida a posesión por parte do Concello de calquera das parcelas á que se refire o presente contrato, establece unha penalización de CEN EUROS (100 euros) por día a cargo do Concello por cada unha das parcelas que non se puxeran a disposición da Propiedade.

QUINTA: *Os propietarios cedentes manifestan expresamente a súa autorización para que o Concello leve a cabo a inmediata ocupación dos bens que se ceden.*

SEXTA: OBRAS E GASTOS: *Calquera tipo de obra e/ou alteración da parcela deberá contar co coñecemento previo e consentimento por escrito da Propiedade, sen cuxo requisito non se poderá levar a cabo alteración algunha sobre as devanditas parcelas.*

O mantemento e conservación das parcelas, mentres está vixente a cesión, corresponderá en exclusiva ó Concello eximíndolle de calquera gasto e responsabilidade á propiedade.

Calquera obra que se efectúe na parcela quedará a beneficio da Propiedade.

Para que así conste, e en proba de conformidade, asínao no lugar e data arriba indicado en triplicado exemplar e a un só efecto.

O Alcalde-Presidente,
Asdo. Manuel Ruíz Rivas

O Secretario
Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

A propiedade
Asdo. María Dolores Hermo Martínez

3.- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Copia simple da escritura de manifestación e adxudicación de herdanza, autorizada polo Notario que foi de Riveira, Don Óscar Manuel López Doval, na data 29/07/2005, co número 1.113 do seu protocolo.
- Copia simple de consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais do inmovible.
- Informe de valoración do aluguer emitido polo arquitecto municipal na data 28/09/2018.
- Informe de idoneidade emitido polo arquitecto municipal na data 28/09/2018.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018	Fecha: 17/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





4.- Na data 09/10/2018, o interventor municipal emite informe de fiscalización favorable no que fai constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 133.20200, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente é 1.904.010,83 euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoebles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: *“1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens.”*

A estes efectos, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertáranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considere necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

En canto ao órgano competente para acordar o arrendamento, estase ao referido na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que dispón que nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados. Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





valor. O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

SEGUNDA.- No caso que nos ocupa, **trátase do arrendamento do inmovible que se describe a continuación:**

Descrición: URBANA: CASA composta de planta baixa duns 129 metros cadrados, e planta alta duns 122 metros cadrados, sita na Rúa da Fonte, que ten unido un anaco de terreo duns 3.984 metros cadrados, no que se sitúa un galpón destinado a almacén de planta baixa duns 83 metros cadrados. O conxunto forma unha soa finca, sinalada tamén cos números 5, 9 e 11 da Rúa Chaprado, parroquia de Corrubedo, municipio de Riveira, dunha superficie total aproximada de 4.103 metros cadrados; que linda: Norte, Andrés Rodríguez Triñanes, Luisa Maneiro Romay, Juan José Gómez Romay, Ramona Díaz Brión, José Teira Sanlés, Dolores Castro Martínez e a finca coa referencia catastral 4339023MH9143N0001PZ; Sur, Andrés Rodríguez Triñanes, Rosa Martínez Mariño, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L., Elena Brión Paz e Adelino Martínez Martínez; Este, Adelino Martínez Martínez, Carmen Prego Brión, José Teira Sanlés e Juan José Gómez Romay; e Oeste, Andrés Rodríguez Triñanes, Dolores Armental García, Josefa Armental Lojo, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L. e Elena Brión Paz.

Título: Escritura de manifestación e adjudicación de herdanza, autorizada polo Notario que foi de Riveira, don Óscar Manuel López Doval, na data 29/07/2.005, co número 1.113 de protocolo.

Referencia catastral: 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.

Categoría de solo: Solo urbano non consolidado.

Cargas: Non consta a existencia de cargas.

Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Propietario: Dna. M^a Dolores Hermo Martínez, con Documento Nacional de Identidade número 76.504.834-A.

Polo tanto, **resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar do contratista.**

TERCEIRA.- En relación ás **actuacións formais necesarias** para proceder ao arrendamento do ben inmovible, **consta no expediente informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 28/09/2018.**

Neste informe dispónse que **o valor de mercado da finca ascende á cantidade de 346.023,44 euros.** Aclarando que se toma como superficie da finca a correspondente ás tres unidades catastrais seguintes: *4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.*

Compre aclarar ao respecto que, a finca que se describe como unha soa no título de propiedade, ven catastrada como catro unidades catastrais distintas (*4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ*), sendo o obxecto do aluguer as unidades catastrais *4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ,*





excluíndose a unidade catastral 4339024MH9143N0001LZ, ao ser unha parcela con edificación que a fai pouco idónea para o seu destino como aparcadoiro público .

En relación ao valor do aluguer, o referido informe técnico municipal, dispón o seguinte: *“No presente caso e por asimilación e comparación con outras fincas de natureza urbana e localizada en solo urbano e nas inmediacións da finca presente, e de similares características (boas condicións de acceso rodado, etc...) e que o Concello ten asinado contrato de arrendamento para aparcadoiro municipal; e aplicando, así mesmo, as oportunas ponderacións; de accesibilidade, extensión superficial (capacidade de aparcadoiros), así como as infraestruturas urbanas no entorno da finca obxecto de valoración, concluímos que o valor de aluguer axustado ao presente caso, e a partires da situación urbanística da parcela e o conseguinte valor de mercado do inmovible, este ascende á cantidade de 7.000 euros (SETE MIL EUROS + ive/ano)”*.

Compre dicir que, en canto ao prezo do contrato e ante a falla de regulación expresa de este tipo de negocio xurídico, poderíase acudir, por analoxía, ao artigo 92.2 do RB, que dispón: *“En todo caso, o usuario deberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens”*. Neste caso, aplicando o criterio recollido no citado artigo en sentido inverso, e tendo en conta que o canon ao que se refire, ao non especificar nada, enténdese que é anual, o valor do arrendamento resultaría o referido a continuación, no que se pode apreciar que **o prezo mencionado no informe pericial de 7.000 euros ao ano máis IVE (8.470 euros), está por debaixo do valor anual en aplicación do artigo 92.1 do RB:**

Valor total	Valor anual	Valor mensual
346.023,44 euros	20.761,40 euros	1.730,11 euros /mes

CUARTA.- A especial idoneidade do inmovible resulta xustificada en informe emitido na data 28/09/2018 polo arquitecto municipal: *“1. A presente parcela de natureza urbana conta cun acceso rodado público a traveso da rúa da Fonte, tal e como se ten exposto no apartado anterior. O acceso está en bo estado e atópase no propio acceso e borde do núcleo urbano de Corrubedo; resultando tanto a súa propia xeometría e a localización idóneas, toda vez que nas inmediacións da mesma tampouco atopamos unha parcela destas características para albergar este uso (aparcamento público ao aire libre). E tendo en conta a demanda efectiva de prazas de aparcamento da zona, confiren á presente parcela un interese notable de cara ao fin que se pretende dar.”*

QUINTA.- En informe emitido na data 09/10/2018, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para o arrendamento que se pretende.

SEXTA.- De conformidade co artigo 124 da Lei 33/2003 antes citado, **pode concertarse o arrendo de modo directo, ao xustificarse a especial idoneidade do inmovible.**

SÉTIMA.- De conformidade co informe de Intervención en relación á porcentaxe do 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto, e tendo en conta o prezo total do contrato co importe acumulado das cinco anualidades (42.350 euros), o órgano competente para acordar a presente contratación é o Alcalde, xa que a contía do contrato non supera a porcentaxe indicada, estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.





Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida la lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Ratificar o convenio asinado na data 07/08/2018 entre o Concello de Riveira e Dna. M^a Dolores Hermo Martínez, polo que se arrenda o inmovible anteriormente descrito, coas referencias catastrais 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ, polo prezo de 7.000 euros anuais máis IVE (8.470 euros), e con suxeición ás cláusulas referidas no devandito convenio.

Segundo.- Aclarar ao respecto que, a finca que se describe como unha soa no título de propiedade, ven catastrada como catro unidades catastrais distintas (4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ), sendo o obxecto do aluguer as unidades catastrais 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ, excluíndose a unidade catastral 4339024MH9143N0001LZ, ao ser unha parcela con edificación que a fai pouco idónea para o seu destino como aparcadoiro público .

Terceiro.- Anotar o arrendo no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

Cuarto.- Atender ao cumprimento do contrato de arrendamento con cargo á aplicación correspondente do orzamento municipal vixente.

Quinto.- Facultar ao Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente.

Sexto.- Notificar o presente acordo aos interesados.

ACORDO EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN LABORAL DUN/DUNHA PSICÓLOGO/A PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE “TALLER DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA-AULA SOCIOCULTURAL DAS PERSOAS MAIORES”.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na data 19/09/2018, M^a Francisca Vidal Regueira, xefa de servizo do departamento de servizos sociais do Concello de Riveira, emite informe no que expón que con motivo de por en marcha un ano máis o “Programa de Dinamización e Promoción Social das Persoas Maiores do Concello”, e en concreto a actividade de “Taller de Estimulación Cognitiva-Aula sociocultural das persoas maiores” que se desenvolve en todas as parroquias do municipio, concretamente: 13 talleres que veñen desenvolvendo dúas psicólogas ao longo destes anos cunha matrícula de alomenos 208 persoas maiores, concretando que para desenvolver esta actividade precísase a contratación laboral dun/dunha profesional da psicoloxía-licenciatura ou grao, por un período de 8 meses/ano cunha xornada laboral de 13





horas semanais e tendo en conta a continuidade prevista do programa, por un período de alomenos 3 anos.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 20/09/2018, acorda aprobar o inicio do expediente de contratación laboral dun/dunha profesional da psicoloxía-licenciatura ou grao, por un período de 8 meses/ano cunha xornada laboral de 13 horas semanais, e por un período de alomenos 3 anos, con motivo da posta en marcha do “Programa de Dinamización e Promoción Social das Persoas Maiores do Concello, e en concreto a actividade de “Taller de Estimulación Cognitiva-Aula sociocultural das persoas maiores”, así como dar traslado do acordo aos departamentos correspondentes de Secretaría e Intervención para a emisión dos informes que procedan.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018.
- Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o





procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, é necesario proceder á contratación dun/dunha psicólogo/a para a realización da actividade denominada “*Taller de Estimulación Cognitiva-Aula sociocultural das persoas maiores*”, incluída no “*Programa de Dinamización e Promoción Social das Persoas Maiores do Concello*”, do departamento dos Servizos Sociais do Concello de Riveira, por un período de 8 meses ao ano, cunha xornada laboral de 13 horas semanais, polo que, ao tratarse de persoal laboral, como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos (oposición, concurso-oposición ou, con carácter excepcional, concurso de valoración de méritos), e, no caso de que a súa contratación sexa temporal, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

TERCEIRO.- Neste ano 2018, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 19 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, cuxos apartados un, dous, cinco e seis teñen carácter básico.

No referido precepto dispónse que a incorporación de novo persoal no sector público estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes do citado artigo, coa excepción da incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e reclutamento para a cobertura das plantillas de militares de Tropa e Mariñeiría profesional fixadas na disposición adicional décima novena.

As limitacións á incorporación de novo persoal resultan da aplicación da taxa de reposición de efectivos, que se fixará en atención a determinados sectores e ámbitos de actuación e dependendo do cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria e débeda pública e a regra de gasto, da Administración en cuestión.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima fixada aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se tiveran incorporado nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo (apartado Un.7 do artigo 19).

As prazas resultantes deberán incluírse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do TREBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano (apartado Cinco do artigo 19).

CUARTO.- No presente caso, trátase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 19.Dous da Lei 6/2018 que dispón o seguinte: “*Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.*”

A este respecto, consta no expediente informe emitido na data 19/09/2018 pola xefa de servizo do departamento de Servizos Sociais do Concello de Riveira e acordo da





Xunta de Goberno Local adoptado en sesión do 20/09/2018 nos que se xustifica a urxencia e necesidade de realizar a referida contratación.

Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 19. Dous da citada da Lei estatal, xa que o límite citados polo artigo ("*necesidades urxentes e inaprazables*") resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- En canto á modalidade contractual que pode utilizarse neste caso, cómpre realizar as seguintes apreciacións.

O mercado laboral temporal sostense sobre non demasiadas modalidades contractuais, que nos gusten ou non, son as que existen baixo pena de incorrer na creación dun novo "*laboral indefinido-non fixo*", que se basea na teoría creada polo TS a finais dos anos noventa, doutrina que pode considerarse consolidada e amplamente aceptada tanto no ámbito da xurisprudencia como no ámbito da doutrina científica, en cuxa conformidade a irregular celebración de contratos temporais pola Administración Pública sáldase coa conversión da relación laboral temporal nunha relación de carácter indefinido, que pervivirá ata a cobertura do posto polos trámites regulamentarios. A doutrina comezou a alumearse a partir da Sentenza do TS de 07/10/1996, que foi reiterada en posteriores pronunciamentos do TS, consagrándose definitivamente a partir da Sentenza do 20/01/1998.

Á ausencia de modalidades contractuais, hai que engadir que a Disposición Adicional 15ª ET traslada ao ámbito da contratación laboral coa Administración Pública a regra contida no artigo 15.5 ET, determinante da transformación automática e inevitable da relación temporal previa nunha relación por tempo indefinido no singular suposto de que un mesmo traballador tivera sido contratado baixo dous ou mais contratos sucesivos, con ou sen solución de continuidade entre eles, das modalidades de obra ou servizo determinado ou eventuais, durante un período superior a 24 meses nun período de referencia de 30 meses.

Con este panorama, débese acudir correctamente á modalidade de contrato para obra ou servizo determinado, contrato eventual por circunstancias da produción, ou contrato de interinidade (artigo 15.1 a), b) e c)), ós que hai que sumar os contratos formativos do artigo 11 do ET.

Para simplificar a problemática que ocasiona o conciso marco de contratación temporal aplicable ás Administracións Públicas, o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acuñou dúas novas figuras de funcionario interino que permiten diminuír o uso do contrato temporal e as consecuencias que tal uso pode supoñer para as entidades públicas: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (un símil funcional do contrato de obra ou servizo determinado) e o funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses (equivalente en gran medida ao contrato temporal eventual).

Estas figuras de funcionario interino tamén se atopan reguladas no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Ámbalas dúas normas expresan as características esenciais da figura do funcionario interino:

- O seu nomeamento obedece sempre a razóns de urxencia e necesidade e;
- O dito nomeamento é para desempeñar funcións propias dos corpos ou escalas dos funcionarios de carreira.





En definitiva, a única receita para non incorrer en fraude de lei á hora de formalizar contratacións laborais temporais é avaliar previamente ás verdadeiras necesidades municipais a cubrir e formalizar a modalidade de contrato que sexa acorde coa causa temporal que o xustifique.

SEXTO.- Enténdese que, neste caso, a modalidade contractual que debe empregarse é o contrato de duración determinada por obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

De conformidade coa sentenza do Tribunal Supremo do 19 de marzo de 2002, os requisitos para a validez do contrato de obra ou servizo determinado son os seguintes:

- Que a obra ou servizo que constituía o seu obxecto, presente autonomía e sustantividade propia dentro o do que é a actividade laboral da empresa.
- Que a súa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta.
- Que se especifique e identifique no contrato, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constitúe o seu obxecto.
- Que no desenvolvemento da relación laboral, o traballador sexa normalmente ocupado na execución daquela ou no cumprimento deste, e non en tarefas distintas.

No presente caso, enténdese que, o servizo que constituía o obxecto do contrato, isto é, a realización da actividade de "*Taller de Estimulación Cognitiva-Aula sociocultural das persoas maiores*", presenta autonomía e sustantividade dentro da actividade normal desta Administración local, xa que é unha actividade ou servizo que o Concello decidiu ofertar á veciñanza dentro do Programa de Dinamización e Promoción Social das Persoas Maiores do Concello. É dicir, na estrutura dos servizos sociais municipais existen diversos programas, sendo un deles o de dinamización e promoción social das persoas maiores, e dentro destes programas, o Concello pode ofertar diversas actividades, sendo a súa prestación de carácter facultativo, e por un certo tempo, dependendo da demanda da actividade realizada.

No contrato por obra ou servizo determinado deberán terse en conta os seguintes aspectos formais:

- O contrato deberá formalizarse sempre por escrito, debendo especificarse o carácter temporal da contratación e identificar suficientemente, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constituía o seu obxecto.
- O contrato comunicárase ao INEM ou ao Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia nos dez días seguintes á súa concertación.
- Poderase celebrar a xornada completa ou a tempo parcial.
- Pode converterse período de proba, cos límites de duración que, no seu caso, se preveñan nos convenios colectivos.
- O contrato debe durar o tempo necesario para a realización da obra ou servizo encargado. Si o contrato fixa unha duración ou un termo, estes deben considerarse de carácter orientativo, por canto o fin do contrato está condicionado ó fin do traballo contratado.
- O contrato extínguese pola realización da obra ou servizo obxecto do contrato, previa denuncia ou comunicación pola empresa, que pode ser verbal ou escrita, sempre que se acredite a súa recepción polo traballador. Se o contrato é dunha duración superior a un ano, a previa denuncia deberá facerse con 15 días de antelación (preaviso). Realizada a obra ou servizo, senón houbera denuncia do





contrato e se continuase na prestación laboral, o contrato considerárase prorrogado tacitamente por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal da prestación.

SÉTIMO.- Tamén deberá terse en conta o artigo 12 do ET, en canto se pretende realizar o contrato a tempo parcial.

Neste sentido, cítase o apartado 1 do artigo 12 do ET que dispón: *“El contrato de trabajo se entenderá a tiempo parcial cuando se haya acordado la prestación de servicios durante un número de horas al día, a la semana, al mes o al año, inferior a la jornada de trabajo de un trabajador a tiempo completo comparable.*

A efectos de lo dispuesto en el párrafo anterior, se entenderá por “trabajador a tiempo completo comparable” a un trabajador a tiempo completo de la misma empresa y centro de trabajo, con el mismo tipo de contrato de trabajo y que realice un trabajo idéntico o similar. Si en la empresa no hubiera ningún trabajador comparable a tiempo completo, se considerará la jornada a tiempo completo prevista en el convenio colectivo de aplicación o, en su defecto, la jornada máxima legal.”

A este respecto, o Convenio Colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Riveira prevé unha xornada laboral de 37,5 horas semanais.

Así mesmo, o apartado 4 do artigo 12 do ET dispón que: *“El contrato a tiempo parcial se regirá por las siguientes reglas: A) El contrato, conforme a lo dispuesto en el artículo 8.2, se deberá formalizar necesariamente por escrito. En el contrato deberá figurar el número de horas ordinarias de trabajo al día, a la semana, al mes o al año contratadas, así como el modo de su distribución según lo previsto en convenio colectivo. De no observarse estas exigencias, el contrato se presumirá celebrado a jornada completa, salvo prueba en contrario que acredite el carácter parcial de los servicios. B) Cuando el contrato a tiempo parcial conlleve la ejecución de una jornada diaria inferior a la de los trabajadores a tiempo completo y esta se realice de forma partida, sólo será posible efectuar una única interrupción en dicha jornada diaria, salvo que se disponga otra cosa mediante convenio colectivo. C) Los trabajadores a tiempo parcial no podrán realizar horas extraordinarias, salvo en los supuestos a los que se refiere el artículo 35.3. (...) D) Los trabajadores a tiempo parcial tendrán los mismos derechos que los trabajadores a tiempo completo. Cuando corresponda en atención a su naturaleza, tales derechos serán reconocidos en las disposiciones legales y reglamentarias y en los convenios colectivos de manera proporcional, en función del tiempo trabajado. E) La conversión de un trabajo a tiempo completo en un trabajo parcial y viceversa tendrá siempre carácter voluntario para el trabajador y no se podrá imponer de forma unilateral o como consecuencia de una modificación sustancial de condiciones de trabajo al amparo de lo dispuesto en el artículo 41.1.a) (...) F) Los convenios colectivos establecerán medidas para facilitar el acceso efectivo de los trabajadores a tiempo parcial a la formación profesional continua, a fin de favorecer su progresión y movilidad profesionales.”*

OITAVO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 01/07/2015.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 02/10/2018, e visto o informe de fiscalización previa limitada emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/10/2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a contratación laboral temporal dun/dunha psicólogo/a para a realización da actividade denominada “Taller de Estimulación Cognitiva-Aula sociocultural das persoas maiores”, incluída no “Programa de Dinamización e Promoción Social das Persoas Miores do Concello”, do departamento dos Servizos Sociais do Concello de Riveira.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira e na súa páxina web.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA PSICÓLOGO/A PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DENOMINADA “TALLER DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA-AULA SOCIOCULTURAL DAS PERSOAS MAIORES DO CONCELLO”

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a creación de BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal, a través do sistema selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, dun/dunha PSICÓLOGO/A para a realización da actividade denominada “Taller de Estimulación Cognitiva-Aula sociocultural das persoas maiores”, incluída no “Programa de Dinamización e Promoción Social das Persoas Miores do Concello”, do departamento dos Servizos Sociais, todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir o posto de traballo antes referido. É dicir, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orde de puntuación. Esta bolsa, logo do proceso selectivo, terá unha duración máxima de dous anos, sen prexuízo de que se poida precisar unha selección específica de xeito excepcional.

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato de duración determinada, por obra ou servizo determinado, segundo o disposto no artigo 15.1.a do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, ditado en desenvolvemento do Estatuto dos Traballadores, a xornada parcial (13 horas semanais), que se prestará de luns a venres en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ao posto de traballo, por tódolos conceptos salariais, son as que figuran no orzamento municipal vixente, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades. Neste caso concreto son as correspondentes ao Grupo I do Convenio.

A duración do contrato será de oito meses.





A extinción do contrato laboral producirase, ademais de pola expiración do prazo pactado para a execución do servizo, polas causas previstas no Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión, ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do grao ou licenciatura de psicoloxía, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, da credencial que acredite a súa homologación ou convalidación no seu caso, expedida polo organismo competente.
- Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





- Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

4ª.- DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 24,36 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa da Casa Consistorial (horario de atención ao público de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas)
- Vía web, no enlace <https://ventanilla.riveira.es/index.php?id=68>, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: **Dereitos de exame**
 - A liquidar: **Grupo A ou asimilado**
 - Observacións: Nome da praza á que se opta

Mentres non estea habilitada a opción de “pagar on line” os interesados deberán optar pola opción “imprimir recibo” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO PASTOR, BANCO POPULAR, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 3ª desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas) durante o prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no xornal “La Voz de Galicia”. Tamén se poderán



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 871610), ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección: maria.sieira.rios@riveira.com, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante.

Se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Ademais de no xornal antes referido, a convocatoria publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina web municipal (www.riveira.es) no apartado *taboleiro de anuncios*.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (este último acompañado de vida laboral), de data actual.
- Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia da titulación académica esixida na Base 3ª.
- Copia do permiso de conducir da clase B.
- Copia do título que exige a realización da proba de lingua galega.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.





A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través do anuncio nun xornal de tirada provincial, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios. A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 5ª desta convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

7ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado "taboleiro de anuncios".

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo dun día hábil contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado "taboleiro de anuncios".

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 12ª.

8ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.





Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

O sistema de selección é o de **CONCURSO-OPOSICIÓN** que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, sen embargo, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos opositores un



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan, salvo casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica dos mesmos.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación dos/das aspirantes será alfabético.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicárase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado "taboleiro de anuncios".

1ª FASE: CONCURSO DE MÉRITOS: Valorarase ata un máximo de 6 puntos, e consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo os baremos referidos a continuación. A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á súa valoración.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración, será a seguinte en cada caso:

- A acreditación da experiencia profesional efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada. A non presentación de ámbolos dous documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada) suporá a non valoración do mérito alegado.
- A acreditación da formación realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de valoración os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Os cursos nos que non se exprese ningunha duración non serán valorados.

A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e, de ser posible, na súa páxina web. Co resultado das citadas puntuacións comunicárase a data, hora e lugar de celebración da fase de oposición.

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar o exercicio da fase de oposición.

- a) Experiencia profesional (ata un máximo de 4,00 puntos): Polos servizos prestados nun posto igual ou similar ao posto obxecto da convocatoria no área





de persoas maiores: 0,20 puntos por cada mes completo traballado ou fracción superior aos 15 días.

- b) **Formación complementaria (ata un máximo de 2 puntos):** Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos, xornadas), sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Públicas, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologadas por unha Administración Pública:
- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
 - Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
 - Por cursos de 41 a 60 horas de duración: 0,30 puntos.
 - Por cursos de 61 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
 - Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

2ª FASE: OPOSICIÓN: A oposición consistirá na realización dos exercicios que se refiren a continuación.

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio, e consistirá na presentación dun proxecto de actividade de talleres de estimulación cognitiva ao sector das persoas maiores co obxectivo de preservar as capacidades cognitivas así como promover un envellecemento saudable. A presentación deste proxecto farase por quintuplicado para facilitar a comprensión e valoración dos membros do Tribunal, podendo aportarse xunto coa solicitude para tomar parte nesta convocatoria ou no momento en que haxa que defendelo ante o tribunal, e terá unha extensión máxima de 10 folios tamaño DIN A-4, mecanografados por unha soa cara.

A defensa será unha exposición do seu contido, e os membros do tribunal poderán facer preguntas ou pedir aclaracións. As respostas poderán terse en conta na valoración do traballo.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 12 puntos, sendo preciso acadar 6 puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a e a súa puntuación sumarase á obtida no concurso, co obxecto de obter a cualificación total final.

Segundo Exercicio: Proba de Coñecemento da lingua galega:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, sometendoos as probas que consideren mais adecuadas para tal comprobación.

Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A".

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

10ª.- FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da bolsa de emprego, por orde decrecente da puntuación total final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos nas distintas fases do proceso selectivo), con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación. Publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web, de ser posible.

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía. Como xa se referiu na Base 1ª, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.





A bolsa terá unha duración máxima de dous anos, sen prexuízo de que se poida precisar unha selección específica de xeito excepcional.

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación acadada no primeiro exercicio da oposición; en segundo lugar a puntuación acadada na experiencia profesional do concurso de valoración de méritos e en terceiro lugar a puntuación acadada na formación complementaria do concurso de valoración de méritos. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a correspondente acta.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

11ª.- PROCEDIMIENTO PARA O CHAMAMENTO.

Unha vez elaborada a bolsa de emprego, remitirase ao departamento de secretaría do Concello.

Producida a necesidade de realizar a contratación, o departamento de secretaría avisará á persoa que, segundo a orde de prelación que figura na bolsa, lle corresponde ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ser contratado seguirase o chamamento segundo a orde de prelación establecido na bolsa e segundo os programas referidos.

Os chamamentos faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ó/á interesado/a, debendo quedar constancia, en todo caso, da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto polo/a funcionario/a que os realizase.

O chamamento poderase facer telefonicamente en supostos de urxencia, cando a súa non cobertura por esta forma puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou a prestación do servizo público.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 e 15 horas, e o/a funcionario/a fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Realizarase un máximo de tres chamadas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas. A estes efectos, o/a aspirante deberá poñerse en contacto co departamento de secretaría contestando nun prazo de 1 día hábil, contado desde a recepción da comunicación. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

Os integrantes da bolsa que, sendo chamados para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán, agás que se trate de causa de forza maior, os seus dereitos quedando excluídos da bolsa. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo.

Procederá a suspensión dos chamamentos sen penalización algunha á petición do interesado e sempre que o xustifique suficientemente nos seguintes casos: maternidade ou adopción legal, exercicio de representación sindical ou cargo público electo, matrimonio, falecemento de familiar ata o segundo grao de consangüinidade ou afinidade, coidado de fillos menores de tres anos ou dun familiar ata o segundo grao de consangüinidade ou afinidade que non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividades retribuídas, e calquera outra que se considere de forza maior.

En canto ao funcionamento da bolsa, a orde de selección dos/as aspirantes incluídos/as na bolsa de emprego irase modificando cos seguintes nomeamentos e contratacións, de acordo coas seguintes regras:

- a) Se o/a aspirante chamado/a non puidera ser nomeado/a por causa debidamente



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





xustificada e discrecionalmente apreciada polo órgano competente desta Administración, conservará a súa orde de prelación na bolsa de emprego; en caso contrario, será excluído/a da mesma.

- b) Se calquera dos integrantes da bolsa de emprego renunciara a formar parte de mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído/a daquela.
- c) Se unha vez nomeado/a e contratado/a un/unha aspirante ó abeiro desta Base, o tempo traballado non fora superior a un ano, retornará ao posto que ocupaba na orde de prelación da bolsa de emprego no momento de ser chamado/a; se o período de nomeamento ou contratación fora superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.

12ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

No prazo de tres días hábiles seguintes á data da publicación do resultado da selección, os/as aspirantes seleccionados/as deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Certificado médico en modelo oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Concello o seu número de afiliación á Seguridade Social e un número de conta bancaria do que sexan titulares, para os efectos do pago da correspondente nómina.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

13ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación a que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante que corresponda.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

14ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Previamente á sinatura do contrato, o aspirante nomeado deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.





Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante no terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

15ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de un mes, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o/a traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Riveira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houberse producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do/a traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ó/a traballador/a.

16ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180276863
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/10/2018		Fecha: 17/10/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 17/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/10/2018 14:14:12		Hora: 14:14





ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riveira

Don/dona
con DNI número e domicilio a efectos de notificacións en
.....

Enterado/a da convocatoria do proceso selectivo para a creación de BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal de dun/dunha PSICÓLOGO/A para a realización da actividade denominada “*Taller de Estimulación Cognitiva-Aula sociocultural das persoas maiores*”, e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 3ª da convocatoria.

SOLICITA, a súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 5ª das que rexen o proceso selectivo.

En relación á presentación do proxecto esixido na fase de oposición:

- Presenta o proxecto coa solicitude da convocatoria.
 Presenta o proxecto no momento en que haxa que defendelo ante o tribunal.

(Marque cun X a opción que elixa)

Asemade reseña o seu correo electrónico
e o seu teléfono móbil no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e facilitarán as comunicacións e notificacións).

Declara coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ó seu cumprimento.

(LUGAR, DATA E SINATURA)

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario actal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Dou fe, o secretario actal.

Manuel Ruiz Rivas

José Martínez de Llano Orosa

